



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 05 DE MAIO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

AUSENTES

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO FERNÁNDEZ

Interventora de fondos

D^a. EVA FERNANDEZ GARCIA

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 11:00 horas do día 5 de maio de 2014 réunese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

O sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todas e a todos, empezamos este Pleno ordinario co primeiro punto da orde do día que é a aprobación da acta do 28/04/2014, que foi a das mesas electorales, que todos teñen copia, y que someto a votación.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte punto:

“Aprobación da acta anterior do 28/04/2014”

2- APOIO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Á PROPOSTA DO CSI-F EN CONTRA DA REFORMA DO REXISTRO CIVIL, E EN FAVOR DO SEU MANTEMENTO COMO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN PÚBLICA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entón ó punto dous que é o apoio do Grupo Municipal do Partido Popular a proposta do CSI-F en contra da reforma dos rexistros civís. Vamos a ver, efectivamente como se comentou o outro día na Comisión Informativa, esta é unha proposta do CSI-F, que o Partido Popular entende que fai súa de algunha maneira, porque trátase de defender os servizos públicos, e trátase de defender en este caso que sigan sendo os rexistros civís un servizo público, y que esté cercano ós cidadanos y que sea tamén accesible ós cidadanos como é neste momento. Entón todo o expositivo que fai o CSI-F, nós facémolo noso, teñen todos copia, eu creo que non require entrar nin en lectura, senón ir á conclusión, e a conclusión é que nós propoñémoslle ó Goberno Central, que non modifique a Lei de Registros Civís, en base a todos os criterios que se expoñen na moción, non na moción senón no escrito que presenta o CSI-F. Ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Bueno, bos días. Nós estamos de acordo, y vamos a subscribir este escrito que presenta o CSI-F, pero que podía ter presentado calquera das outras centrais sindicais que teñen loitado desde logo xa moito antes de que o fixera o CSI-F, se teñen manifestado, y por certo en todas estas manifestacións que houbo en defensa dos servizos públicos y en concreto da permanencia dos rexistros civís, nunca vin a ninguén do Partido Popular, houbo xente do PSOE, houbo xente do Bloque Nacionalista Galego, houbo xente doutras formacións políticas, pero nunca, nunca, se viu en ningún tipo de manifestación en defensa nin dos postos de traballo, nin da



permanencia deste servizo como servizo público, a ninguén do Partido Popular, por eso a nós, bueno nunca nos deixa de sorprenden o Partido Popular de Barbadás, cando trae certas cuestións ao Pleno deste Concello. Bueno é certo, este servizo ten que permanecer, en poder das institucións públicas a pesar de que os rexistradores da propiedade son funcionarios, pero son funcionarios únicos en toda Europa, posto que a pesar de ser funcionarios, non cobran unha nómina, senón que cobran é aranceis, e o que fai Gallardón é seguir privatizando o poder, todo o que é o relacionado coa xustiza. Hai tamén un gran problema no mundo xudicial, polo anteproxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial, que se ten tachado dende o nacionalismo como recentralizador da xustiza, afasta a xustiza do cidadán, dificultando o seu acceso ós servizos xurídicos, y atenta contra a separación de poderes, y afecta ós galegos, xa que non ten en conta a dispersión poboacional, ou por exemplo outros problemas que existen na Xustiza, como a eliminación dos Partidos Xudiciais, e que van a supor a desfeita en moitas cabeceiras de comarca que a partir desta desaparición, destes Partidos Xudiciais, pode causar graves perxuizos económicos a etas zonas do rural, sobre todo, sobre todo de Galiza. Como dicía antes o colectivo dos rexistradores da propiedade, é un colectivo semiprivado entre aspas, posto que actúan de forma especulativa, lévase gastado máis de 128 millóns de euros na modernización e na informatización do servizos de todos os rexistro civís, de todo o Estado, y agora se van coller estos 128 millóns de euros gastados e vanse pór en mans privadas, e non é só eso, non é só que se privatice un servizo básico para os cidadáns, que ata agora tiñan servizos gratuítos e agora van ter que pagar, e non sabemos nin sequera canto van ter que pagar, por pedir unha partida de nacemento, por pedir unha partida de defunción, ou por unha partida de matrimonio, ou de separación, porque ninguén nos dice canto vai a haber que pagar por estes servizos, o que si sabemos é que vai ser unha empresa privada y vai ser totalmente especulativo, y o que é máis grave, os datos máis sensibles das persoas, van a estar manexados por traballadores e traballadoras que non son funcionarios públicos, é dicir, os datos máis persoais da nosa vida, non van a estar suxeitos á función pública, e por tanto non van a estar suxeitos ós principios de privacidade, e que non se pode facer un uso exterior destes servizos, van a ser os rexistradores da propiedade desde logo teñen esta obriga, pero os traballadores e traballadoras que teñen nas empresas non teñen, non son funcionarios públicos, e como dicía partidas de nacemento, de morte, de defunción, de matrimonios, de mancipacións, de anulacións, de divorcios, de nulidades matrimoniais, todos estes datos van a estar en mans de traballadores e traballadoras que non teñen nada que ver coa función pública; esto vai supor en Galiza a perda de máis de 200 postos de traballo, por eso dicía antes que me gustaría ver algunha vez a alguén do Partido Popular en algunha



manifestación defendendo a estes traballadores e traballadoras, e tamén defendendo, non solo así nun Pleno, que é algo como vemos moi ben pola asistencia, isto é un acto litúrxico, non deixa de pasar dun acto litúrxico, nós vamos a subscribir este acordo do CSI-F, tamén é ben curioso que vostedes traigan a un Pleno un acordo dun sindicato chamado CSI-F. Bueno en fin.

O sr. Alcalde toma a palabra: Trouxemos un da CIG non hai moito

O sr.. Fírvida toma a palabra: De quen, non da CIG trouxémolo nós e vostedes aprobárono

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien pero apoiámolo, me refiero

O sr. Fírvida toma a palabra: Non pero trouxémolo nós

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero apoiámolo

O sr. Fírvida toma a palabra: Poden traelo, poden traer o que queiran da CIG

O sr. Alcalde toma a palabra: Se nos parece coherente, nós vámolos traer

O sr. Fírvida toma a palabra: Ben, perfecto, en todo caso, eu creo que estamos ante un caso grave de trastorno bipolar, eu creo que vostedes deberían facelo mirar, deberían de verdade ir a un psicólogo, a un psiquiatra, a un especialista no tema, porque isto empeza xa a ser un problema psicolóxico e mental agudo. O Partido Popular que privatiza sanidade, introduce o copago farmacéutico intrahospitalario, presenta recortes nas pensións públicas cando defende as pensións privadas, elimina e privatiza a Lei de Dependencia, privatiza a educación, privatiza a construción de hospitais públicos, o Goberno máis neoliberal, y privatizador da historia da Democracia nos trae ó Pleno de Barbadás, o mantemento dun servizo público, dun servizo público, bueno, benvido sexan ao mundo das persoas y da humanidade, benvido sexa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben moitas gracias, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista.

O sr. Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois ben, parece que as reformas que pretende levar a cabo o señor Gallardón, empezan a provocar sarpullidos tamén dentro do Partido Popular, sarpullidos, e espero que lle provoque tamén urticaria. Desde o PSdeG estamos satisfeitos de que os cargos públicos do Partido Popular tomen conciencia das consecuencias que poden ter para toda a cidadanía, leis que van a destruír a igualdade, no acceso á xustiza limitan o dereito á tutela xudicial efectiva, a xustiza pasará a ser máis lenta, cara, e lonxana; pero chámanos a atención que teña que ser un sindicato, o que presenta esta moción e non sexa o propio Grupo Popular de Barbadás por iniciativa propia quen o presente, é dicir, a vostedes tenlle que aparecer enriba da mesa unha proposta dun sindicato, y como decía o compañeiro Fírvida, sindicato, entre comillas, entre comillas, semellan que teñen que usar como escudo a outra organización, non vaia ser que teñan vostedes represalias por



parte do seu partido. Dito esto, no Partido Socialista temos que sinalar que tamén nos houbera gustado que presentaran mocións para reprobou outras medidas de Gallardón, que afectan a dereitos xudiciais básicos, estou falando da implantación das novas taxas, que vostedes non se pronunciaron no asunto para acceder á xustiza, falo da supresión dos partidos xudiciais, que tampouco se pronunciaron, e falo da reforma da administración local, na que vostedes tampouco se pronunciaron aquí en Barbadás, para nada, pero bueno agora como di Fírvida, veu o Espírito Santo, e concedeulles a gracia de pensar en relación aos rexistros xudiciais; e ós colectivos de mulleres tamén lles houbera gustado que todos os Concelleiros e Concelleiras do Partido Popular se expresaran libremente en relación a outra medida retrógrada de Gallardón como é a Lei do aborto, que en Pontevedra provocou a dimisión dunha Concelleira que aprobou ou reprobou a Lei en cuestión; pero bueno vostedes, como decía antes aportan ideas ou propostas cando lles interesa e nada máis. No Partido Socialista tivemos coñecemento do borrador da Lei orgánica do poder xudicial e do rexistro civil, que o Goberno de España, baralla a supresión dos rexistros civís, coma dos xulgados de paz. En canto ós rexistros civís, dende o Goberno non só se pretende a supresión, senón que ademais sexan os rexistradores da propiedade, ós que veñan a desempeñar as súas funcións, é dicir, persoas privadas, empresas privadas, algo que nin siquiera ven claro os propios rexistradores e rexistradoras, por canto solicitan que sexan os usuarios os que asuman o custo do servizo, elo suporía que servizos ata o de agora gratuítos como solicitar unha certificación de nacemento, defunción, etc..., servizos dos que toda a cidadanía fai uso con frecuencia deixen de selo, e pasen a ser de pago, que parece tamén que é o obxectivo do Partido Popular na presente lexislatura, impedindo precisamente ou atentando en certa medida, non garantindo que haxa unha confidencialidade que eses datos precisan. Ademais, o Goberno ven de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar os xuíces nas capitales provinciais, e crear tribunais de instancia, en Galicia, isto suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais, e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza da accesibilidade dos cidadáns e dos custos. A unha cidadanía española no territorio debe corresponder unha planta dos servizos xudiciais que facilite o achegamento dos cidadáns, os actuais partidos xudiciais ven dando resposta á problemática da proximidade en Galicia. A modificación proposta polo PP, crea problemas a profesionais da xustiza, a funcionarios, avogados, procuradores, a entidade, ás entidades auxiliares, ós concellos, e por suposto, e o que é máis grave a todos os cidadáns. Polo tanto, resulta claro que as medidas de reforma que se pretenden adoptar por parte do goberno do PP, redundan nun grave prexuízo para a cidadanía, e distan moito do modelo de administración de xustiza, e do rexistro civil



moderno que propugnamos desde o Partido Socialista, que ten como finalidade un servizo público de xustiza de calidade, prestado nun tempo razoable, gratuíto e adaptado ás necesidades do País, despois de todo isto vemos que na proposta que presenta o Partido Popular, porque ó fin e o cabo a proposta é do Partido Popular de Barbadás, para o seu debate e aprobación neste Pleno realmente é papel mollado, porque non se contempla ningún acordo, realmente é unha declaración, aí non hai ningún de acordo realmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: O acordo xa o expuxen anteriormente, que non se modifique a Lei de rexistros civís, que se manteña tal e como está

O sr. Valcárcel toma a palabra: Expúxoo vostede pero na moción, no documento non figura, polo tanto, o Grupo Municipal Socialista quere plantexar as seguintes enmendas: 1º- Instar ó Goberno de España ó mantemento dos actuais partidos xudiciais en Galicia; 2º- Expresar o total rexeitamento ó borrador do anteproxecto da Lei de reforma orgánica do poder xudicial e do rexistro civil, e solicitar ó Goberno de España que manteña o xulgados de paz, se doten a este xulgados dos medios axeitados e de profesionalización dos seus traballadores e traballadoras, e que se garanta a gratuidade das funcións que prestan os rexistros civís. Si vostede realmente quere unha xustiza moderna e próxima ó cidadán non basta con que se fale dos rexistros civís, é necesario que vostedes se pronuncien aquí tamén sobre a planta de partido xudiciais, e mentras non o fagan todo isto é tontería, señor Freire, tontería, é un brindis ó sol, como se di moitas veces, pero realmente non se pronuncian sobre nada, ós cidadáns non só lles preocupa o rexistro civil, que si, que é moi importante, pero tamén lles preocupa a proximidade da xusticia, ter unha xusticia cercana, e á que podan acceder facilmente, e que ademais que sexa gratuíta, vostedes fan borrón e conta nova sobre todo eso, e polo tanto, enmendamos a súa proposta e queremos que se manifesten sobre estas propostas que fai o Partido Socialista sobre estas enmendas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien vamos a ver, como estamos falando sobre o tema dos rexistros civís, entendo que eso apoiámolo todos por unanimidade, toda a enmenda que usted propón, propoña outro día outra moción e debatirémola, nós neste momento non vamos a aceptar a enmenda. Non a vamos a aceptar, nós vámonos ceñir ó punto que estamos a tratar que é o dos rexistros civís, sometémolo a votación tal e como se dixó, si se vota pois votos a favor. Votos a favor da enmenda en todo caso, que propón. Quere que votemos a súa enmenda, pois votos a favor da enmenda, votos en contra, abstencións. Bien, pois entón queda aprobada tal e como falamos por unanimidade.



Sen máis sométese a votación as enmendas presentadas polo Partido Socialista resultando rexeitadas cos votos en contra do Partido Popular, a favor do PSdeG-PSOE e as abstencións do BNG.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Instar ó Goberno Central para que non modifique a Lei de Rexistros Civís”

3- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Ó GOBERNO CENTRAL PARA APLICAR Ó SECTOR DAS PERRUQUERÍAS O TIPO DE IVE REDUCIDO DO 10%.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á moción número 3, ó punto número 3 que é a moción do Partido Socialista para instar ó Goberno Central para que aplique ó sector das perruquerías o tipo de IVE reducido do 10%, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

A sra. Presas toma a palabra (PSdeG-PSOE): As perruquerías son, polo xeral, pequenos negocios que están formados por un autónomo e no seu caso por un ou dous empregados a maiores, temos que recalcar que o 85% destes negocios están rexentados na práctica totalidade por mulleres. No ano 2011 este sector agrupaba en España, a preto de 48.000 salóns de perruquería, nos que, de forma directa, traballaban 120.000 persoas. A crise económica que ven afectando ó noso País dende hai uns anos, sitúa a esta actividade do sector servizos nun punto de extrema dificultade debido, sobre todo, á baixada de clientes e, por tanto, ó menor número de servizos realizados, moitos destes salóns a consecuencia desta situación víronse obrigados a realizar importantes axustes no seu nivel de prezos co fin de frear a importante caída de clientes e tentar dalgún xeito, como tantos outros sectores, seguir co negocio mantendo os postos de traballo. No 2012, en setembro unha nova medida tributaria adoptada polo Goberno do Partido Popular e de Rajoy, entrou en vigor, incrementando o IVE pasando de ser o 8% ó 21%. Isto supuxo o afundimento definitivo de moitos destes salóns de perruquería. Para os Socialistas estas cifras son preocupantes. Cerráronse 8.000 salóns no ano 2013, e perdéronse 20.000 postos de traballo. Para o 2014 as previsións non son moito millores, apuntan a una nova perda de 5.600 empresas e preto de 14.000 empregos directos. Mentres tanto en xaneiro 2014, o Goberno anunciouse a rebaixa impositiva do 21% au 10% nas transaccións de obxectos de arte. O sector da perruquería para os Socialistas, non só é relevante dende o punto de vista económico, senón tamén dende o punto de vista social. Forma parte do tecido empresarial do noso País, e é un sector de pequenos empresarios e emprendedores que manteñen, todavía hoxe, un número importante de empregos e ademais hai que resaltar que é un dos poucos sectores que están rexentados na súa práctica



totalidade por mulleres. Consideramos que este aumento do IVE supón unha importante agresión para o emprego e o emprendemento, e tamén un retroceso para que moitas mulleres poidan permanecer incorporadas ó mundo laboral dun xeito continuado e creando emprego. Dende o Grupo Municipal Socialista lembramos que a actividade económica en Barbadás está baseada no sector servizos sendo o sector das perruquerías un dos eixos fundamentais conxuntamente co da hostalaría, tan só na Valenzá contamos con preto de 15 salóns de perruquería, e por tanto a repercusión que pode ter toda esta situación no conxunto da economía e do emprego de Barbadás, pode ser moi considerable.

Os acordo son que se inste, que o Concello de Barbadás inste ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro ou voceira do BNG.

O sr. Fírvida toma a palabra: Bueno, eu creo que María explicou perfectamente o que pretenden recoller en esta moción, e polo tanto pouco temos que dicir, en todo caso, centrouse moito no Concello de Barbadás, o que está ben, pero ás veces a xente que traballa nas peluquerías de Barbadás, son de outros concellos, pero son postos de traballo igual, é dicir, é unha medida que se aplica en todo o País, e xa o Bloque Nacionalista Galego o 11 de setembro do ano 2012, presentou unha iniciativa na Xunta de Galiza para defender ademais xustamente esta medida, que se reducise o IVE das perruquerías e tamén dos servizos funerarios, que pasaron do 10 ó 21 %, e vai a implicar que se afecte gravemente a estes sectores. Desde o ano 2013, pecharon 8.000 salóns de perruquería só en Galiza, e agárdase que no ano 2014 pechen máis de 6.000 salóns de perruquería, y en todo caso isto ven derivado das políticas fiscais que está aplicando o Partido Popular, que se aplican pois en función dos intereses das clases sociais máis privilexiadas. O que está levando ademais a cabo estas políticas fiscais ademais é que en lugar de recadar máis como se tiña previsto e que cada vez se recada menos diñeiro, xa ten pasado isto no sector cultural, no sector editorial e no sector do cinema, por exemplo que se aumentou o IVE, do 4 ó 21%, y o que conseguiron é que en lugar de recadar máis impostos, se recadan moitísimos menos impostos, porque a xente deixa de facer uso de servizos tan importantes como son os culturais, ou como pode ser o cinema, y en caso das perruquerías está sucedendo exactamente o mesmo, isto está levando a lugar a que haxa moitísima economía sumerxida, hoxe hai moitas perruquerías en vivendas de persoas que non pagan IVE, porque non están dadas de alta como actividade económica, pechan perruquerías que pagaban impostos y cada vez hai máis economía sumerxida en este sector que está denunciado en moitos casos. Nós en todo caso queríamos facer unha



enmenda de engádega á vosa moción que sería: Trasladar este acordo, do Pleno do Concello de Barbadás, si se consegue a maioría, trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Goberno Estado e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza. O sector das perruquerías xa tiveron contacto con todos os Grupos Parlamentarios de Galiza, para que defenderan esta moción, esta iniciativa, PSOE, Bloque Nacionalista Galego, si o fixo, AG non sei que fixo, e o Partido Popular desde logo non fixo nada. Pero esto todo ven como dixen antes das políticas fiscais, y o efecto que ten a suba do IVE do 10 ó 21% no sector das perruquerías, non habería que circunscribilo solo a este sector. O grave problema que ten o Goberno do Partido Popular é que goberna para os máis ricos, para os máis poderosos, y o que supón o aumento dos impostos indirectos como é o IVE que grava o consumo en detrimento dos impostos directos como son a renda e o impostos de patrimonio, que non lembre, hai que lembrar que desapareceu porque o eliminou Zapatero, eliminouno Zapatero, e o imposto de patrimonio, era aquel imposto que se lle cobraban ás grandes fortunas, a xente que ten máis de 700.000 euros de patrimonio, porque por debaixo de 700.000 está exento, pois eso desaparece.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso págase

O sr. Fírvida toma a palabra: Eso está eliminado, recuperouse.

O sr. Alcalde toma a palabra: No, esto está en vigor

O sr. Fírvida toma a palabra: ¿Está en vigor?, bueno pois vale. Pois o imposto da renda, ou outros impostos directos, y como digo se aumentan os impostos indirectos, que o que fai é gravar as economías máis débiles, porque pagan sobre todo o consumido, y non sobre todo o gañado. Máis nada.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bien, nós vamos a apoiar a moción, pero non deixamos de recoñecer que é un pouco demagóxica, porque é certo que debido a subir o IVA, se eliminaron moitos postos de traballo, y nós non queremos que se eliminen postos de traballo baixo ningún concepto, tan necesarios neste momento, como sempre, pero niste máis, pero tamén é certo de que non, de que esto non lle pasa solo ás peluquerías, pasa na cultura, pasa en moitos máis ámbitos, entonces eu considero que é un pouco demagóxica especificar simplemente no tema da perruquería, pero bueno en todo caso, nós vamos a votar a favor, de que loxicamente se reconsidera esta postura do suba do IVE no tema das perruquerías, pero consideramos que se debería tamén reconsiderar sobre todo no sector cultural tamén por exemplo, entre outros, y nada máis.

A sra. Presas toma a palabra: A loita contra o fraude fiscal debería primar na política fiscal, e pola



contra o PP incrementa os impostos. E respecto ao que dixo usted, nós centrámonos nas perruquerías porque consideramos que é un sector que no noso Concello é abundante, por eso neste intre nos centramos nas perruquerías, pero bueno que entón traeremos mocións sobre outros temas, se está disposto a instarlle á Xunta e o Goberno Central.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por supuesto, estamos dispostos á instarlle á Xunta todo o que supoña beneficio para os cidadanos loxicamente, e que vaia en detrimento como é o caso de que se suban os impostos, nós non estamos de acordo en que se suban os impostos loxicamente

A sra. Presas toma a palabra: Hoxe sorpréndenos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, pois eu creo que estuvemos sempre, en contra de que se subiran os impostos, o caso é que nolo suban por imperativo legal.

A sra. Presas toma a palabra: E a taxas do Concello

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, vamos a ver eso son servizos, que é diferente, bueno en todo caso vamos a votar a favor.

O sr. Fírvida toma a palabra: Solo un minuto que me corresponde e nada máis. No claro, o Partido Popular, eso é certo ten razón o señor Alcalde, está a favor de que se baixen os impostos loxicamente, historicamente a dereita estivo a favor de que se baixaran os impostos, os impostos a quen os deben pagar; quen ten que pagar os impostos nun estado son as rendas altas, os que teñen ingresos non as persoas que consumen, os que teñen que pagar impostos son os que ganan 300 ou 400 mil euros ó ano de inversións inmobiliarias, non os que van comprar unha barra de pan ou libros de texto, o Bloque Nacionalista Galego hoxe trae unha moción, eu entendo perfectamente ó Grupo Socialista que trae o das perruquerías, como un exemplo que simplifica a política fiscal do Goberno pero é certo, que o grave é que a moción que vai defender Ánxela dos libros de texto, resulta que o material escolar pasou do 4 o 21%, un 17% de impostos máis, e resulta que unha libreta, unha libreta de dibuxo, un bolígrafo, un lápiz, calquer, un compás, válelle exactamente igual a un neno, cuios pais gañen 400 ó mes, coma un neno que os pais gañen 5000 euros ó mes, eso é o grave, e o que defende o señor Freire non é a redución dos impostos indirectos, é a redución daqueles impostos que gravan ás persoas que teñen ingresos moi elevados para soste os servizos públicos, esa é a filosofía do Partido Popular loxicamente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno pois dito eso, sometemos a votación, que eu entendo que. Votos a favor da enmienda, non hai problema votámoslla.



Sen máis sométese a votación a enmenda presentada polo BNG, resultando aprobada por unanimidade: **“Trasladar este acordo, do Pleno do Concello de Barbadás, si se consegue a maioría, trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Estado e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza.”**

Sen máis sometese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción do PSdeG-PSOE para instar ó Goberno Central para aplicar ó sector das perruquerías o tipo de IVE reducido do 10%:**

- **O Concello de Barbadás insta ó Goberno do Estado a reconsiderar a aplicación do tipo xeral do IVE do 21% aos servizos de perruquería, volvendo á aplicación do tipo reducido do IVE do 10%.**
- **Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, ao Presidente do Estado e aos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galiza.”**

4- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA ELABORAR UN PLAN DE ACTUACIÓN URXENTE PARA AS RÚAS E ZONAS VERDES DE SOBRADO DO BISPO QUE SE ATOPAN NUN ESTADO DE ABANDONO E DEIXADEZ

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 4, que é unha moción do Partido Socialista para elaborar un plan de actuación urxente para as rúas e zonas verdes de Sobrado do Bispo, que ten a palabra a voceira ou o seu voceiro.

As 11:25 horas abandona o Salón de Pleno D. Xosé Manoel Fírvida Planza, voceiro do Grupo Municipal do BNG.

O sr. Valcárcel toma a palabra: A zona rural é unha das pedras angulares do noso Concello. En Barbadás non se pode entender sin ter presente a importancia das diversas parroquias xa que sen elas esmorecerían as tradicións e as esencias da cultura popular galega. No Grupo Socialista consideramos que as diversas localidades do rural son merecentes dunha atención prioritaria por parte do goberno municipal de xeito que se densenvolvan políticas que permitan non só fixar poboación, senón tamén atraer novos veciños e veciñas, e aquí hai que aplaudir as palabras que expresou o outro día o Presidente da Deputación, que aposta por fixar poboacións, sen embargo, é só verborrea, porque ó fin e o cabo non se adoptan medidas para facelo, as palabras son baratas de expresar, pero a frase realmente é sólida. Para poder potenciar localidades coma Sobrado do Bispo é imprescindible que se



leven adiante accións de discriminación positiva que poñan en valor o seu potencial demográfico, social e económico. Hai moitos aspectos que son fundamentais, e que en Sobrado do Bispo están desatendidos polo goberno do PP, como poden ser o da mobilidade e o do transporte público, en relación a esos temas, xa se presentaron algunhas mocións por parte do Partido Socialista e algún rogo, pero bueno non se fixo nada en relación ó asunto. Debería se ocioso decir que Sobrado é a terceira localidade do Concello, pero as actuacións do Goberno de Freire non se corresponden con este feito, os investimentos son escasos, e cando se producen son como consecuencia da presión veciñal, ou son investimentos realizados conxuntamente con outras administracións. Que eu lembre nas dúas últimas lexislaturas o Goberno Local tan só realizou unha actuación sobre o Fidalguiño, e despois de moitos paróns rematouse o local social, as outras dúas actuacións importantes, foron os 70.000 euros destinados polo último Goberno Socialista para mellorar os accesos, e o Plan-E, mediante o que se reformou e ampliou o alumeadado público. Pero desde o Partido Socialista de Barbadás queremos chamar especialmente a atención, hoxe, sobre o aspecto de total abandono que presentan tanto as diversas rúas como varias zonas verdes de Sobrado, remítome ás fotografías que todos teñen vostedes, e son moi elocuentes, pero dende o Partido Socialista, como decía antes quería chamar a atención sobre esos temas. Un simple paseo de 2 horas percorrendo os viais máis importantes da parroquia permite ó visitante apreciar claramente o descoido e a desatención na que están sumidos. Se o visitante inicia a súa andaina por Sobrado polo acceso da Brigueira atoparase que desde hai tres meses existe un desmoronamento de terra e pedras sobre a calzada que resulta moi perigoso para os usuarios e usuarias do vial; é un derrubamento que debe ter dous metros, dous ou tres metros, probablemente tres metros de ancho, e que desmoronou pedras sobre o vial, e que hai unha focha incluso no entorno. Na mesma zona pero uns poucos metros máis adiante existe un burato de preto un metro de profundidade que está sinalizado cuns guizos e que é unha grave ameaza para peóns como para vehículos, porque desde a calzada non se aprecia. Pero se o viandante quere achegarse a Sobrado polo Cadaval, o que atopará será un firme que presenta un estado moi deteriorado. Proseguimos a ruta por Sobrado, e para chegar ó seu monumento máis representativo, que é a Igrexa Parroquial, hai que acceder pola Rúa da Igrexa que está chea de grava e de baches. A situación que presenta a Rúa da Barrosa é totalmente sorprendente e non se corresponde co aspecto que debe ter un vial dun dos Concellos máis importantes da provincia: o asfalto está totalmente sementado de fochas. En Fondo de Prado a situación do firme é tan deplorable que as tuberías de traída da auga están á vista, como se pode apreciar tamén na fotografía. O aspecto en Prado non é moito mellor xa que o asfalto



practicamente non existe, e cando o visitante pensaba que xa estaba todo visto e a situación ía a mellorar, ó pasar por Bouzachás e Balbís, pode comprobar que o deterioro das rúas e pistas de Sobrado non é algo puntual. Baches e máis baches son a tónica xeral. Buracos e máis buracos. Raro e o vial que non presenta anomalías importantes. Finalmente o viandante decide deixar Sobrado pola Estrada de Moreiras na que, o igual que no Outeiriño o vial presenta un grave deterioro. Pero os problemas en relación ó firme en Sobrado non é novo, ten un problema recorrente e que o señor Freire non debe querer atallar, en lugar de adoptar solucións definitivas, prefire botar parches provisionais, e nunca mellor dito, parches e máis parches. Quero lembrarlle ó señor Freire que o Grupo Socialista xa presentou no seu día diversas mocións e rogos, nos que reclamábase que se elaborase un plan de actuación que recollera datos concretas para acometer a mellora dos viais de Sobrado do Bispo, así como os seus accesos. Durante o itinerario realizado o día 12 de abril o paseante tamén se sorprendeu co aspecto que presentaban varias prazas e zonas verdes dado que era absolutamente escandaloso, e as fotografías, de verdade, aí son escandalosas señor Freire, vostede sábeo, dou por feito que as viu, e debería convir connigo que esa situación non se podería volver a repetir, ós bancos non se pode acceder. A situación do Campo do Carril semellaba unha selva de herba que cubre os bancos. En igual situación estaba o Parque do Outeiriño no que a herba tamén impedía o uso dos bancos. A situación chegou ó extremo de que a maleza no entorno da Escola de Música tivo que ser cortada por veciños e veciñas de Sobrado. E aquí volveu facer unha proposta que non é tan cara, e desde logo poría remedio a esa situación, basta con sementar herba tipo inglés, que ten malla moito máis densa, moito máis tupida e eso evitaríase por moita auga e moia chuvia que caera, ese tipo de herba, non permiten que afloren estas malas herbas. O excursionista preguntou entre a veciñanza incluso da parroquia se isto era algo habitual, e si, si, manifestaron que era algo habitual, que no se facía o mantemento axeitado dos parques e que o firme tamén estaba sempre nunha situación semellante á que estou expondo, polo tanto plantexamos a este Pleno os seguintes acordos, hai unha enmenda que acabo de presentar, porque olvideime concretamente de aportala, cando se presentou a moción: Elaborar un plan de actuación urxente e prioritario para solventar as deficiencias máis graves do firme nos principais viais de Sobrado; Acometer nun prazo prudencial de tempo e sempre antes de fin de ano, o arranxo das rúas que presentan anomalías menos urxentes; Planificar axeitadamente o mantemento das zonas verdes de forma que poidan ser utilizadas a cotío pola veciñanza, e plantexando esta proposta que acabo de facer, sementalas de novo con outro tipo de herba; Arranxar dun xeito inmediato (esta é a enmenda), o derrubamento que existe no acceso a Sobrado pola Brigueira, e dicir, que esta situación é algo que se



repite continuamente en todo o rural, e en moitas rúas da Valenzá. Os veciños de Sobrado reclamaron urxentemente esta actuación, ó mellor a vostedes non llo dixeron, a min si, eu atópome con xente en moitos sitios que plantexan esta situación, e polo tanto son merecentes de que lles demos atención, e que demos traslado en concreto á localidade de Sobrado dos seus problemas, eu creo que debían votar a favor desta moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra agora o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Este Grupo Político do BNG ten solicitado en varias ocasións ao equipo de Goberno do Partido Popular, que presente un plan de obras para o noso Concello, donde se deberan incluír a reforma de rúas, este tipo de cuestión pois que neste momento é a moción que trae o PSOE a debate, e no que se establezcan pois prioridades y cuns orzamentos plurianuais se vaian levando a cabo, é dicir, se vaia vendo cales son as necesidades que son máis esixente, e se vaian facendo, é dicir, si non da orzamentos nun ano para obras, pois que de para dous, que de para tres, que se faga un planeamento, pero que se fai, non, non se fai ningún tipo de planeamento, non se fai nada, pois vaise a “salto la mata”, tapando buratos de cemento a paladas, ese é o traballo que van facendo, é dicir, y nesta moción referídesvos a unha situación calamitosa das rúas e zonas verdes de Sobrado, que efectivamente nós concordamos que a situación pois non é evidentemente acaída, as fotos evidentemente son moi elocuentes. Pero si estendemos esta situación, si este paralelismo o trasbasamos as outras rúas do Concello, vemos que efectivamente es más de lo mismo, é dicir, nós queríamos ter unha visión máis extensa, para eso propúñamos esto, destes orzamentos plurianuais, no referido ás obras, y vemos que por exemplo si entramos no acceso principal das Lamas, pois é un vial que ten capas y capas de distintos firmes, y anos, buratos tapados, é dicir, non hai un criterio de nada, é dicir, si pasamos pola travesía do Viso, seguimos vendo postos de madeira no medio da Travesía que obstaculizan o firme, si pasamos pola rúa do Viso, vemos efectivamente un firme absolutamente desaxeitado, donde se acaban de facer beirarrúas, pero que o firme sigue quedando aí absolutamente descoidado. En fin, eu comenteino na Comisión Informativa da semana pasada, é dicir, aínda que se aprobe esta moción, y evidentemente nun dos acordos decides que ten que ser pois nun prazo prudencial antes de fin de ano, non nos debemos sorprendere porque efectivamente para o ano que ven son municipais, y é moi posible que no finais do verán, perdón, do inverno do ano que ven, principios da primavera do 2015, nos atraquen, nos asalten as brigadas da Deputación como fan cada cuatro anos, cuando hai eleccións municipais, y nos enchan as rúas de riego asfáltico, faga ou non faga falta, é dicir, da igual, é dicir, eles chegan y venga a desbandada, aquí tapamos, alí tal, y a xente



conténtana, evidentemente, pero a xente sin servizo, porque non hai un planeamento, non hai unha prioridade, simplemente é, e veña, botar riego asfáltico. É dicir, en Leiro, o Partido Popular ten un Alcalde que seica é famoso, porque chegou a asfaltar hasta as viñas, é dicir, así non ten xa que traballalas, é dicir, aquí non, aquí o riego asfáltico pode chegar hasta o río dos Muíños como ten chegado nalgunhas ocasións en precampaña, ou en campañas das eleccións municipais. Entón nós o que pedimos é un pouco de seriedade cando se fan as cousas se fagan con criterio, y cuando se fagan reformas, eu podo pór un exemplo dunha reforma que se fixo, pois nas inmediacións do Concello, que efectivamente non tuvo que ver cas actuacións municipais, como foi o acceso á Finca Fierro, que se fixo dende a entrada de Ourense, e que foi algo que se xestionou dende o Concello de Ourense, nomeadamente non o xestionou vostedes, xestionámolo outros grupos políticos na cidade, y se fixo unha reforma como é debido, quedaron as arquetas alí á vista, quedou o firme, é dicir, hai que arrancar ese asfalto, hai que volver asentar unha capa importante, é dicir, non é tapar buratos, que é o que vostedes fan para cacicarlle o votos ós veciños nas eleccións municipais, pero eso chegará un momento que non lles dará tampouco resultado, entonces efectivamente eu creo que temos que traballar con outro tipo de criterios, si queren, porque é o que a xente esixe y o que o sentido común esixe. No relativo ás zonas verdes pois efectivamente, nós traemos tamén unha moción ó respecto y si se ve que efectivamente, o tratamento non é axeitado, as brigadas parecen que non dan chegado e cando chegan, chegan para as festas, pero se a festa de Sobrado aínda lle chega cara o verán, imaxínome que terán que esperar para que lle desbrocen y para que lle limpen os bancos, en definitiva nós votamos a favor da moción que presenta o PSOE.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, si.

O sr. Valcárcel toma a palabra: O que comenta Serafín abonda no que nós vimos reclamando dende hai moito tempo, sabemos que esas zonas verdes están limpas evidentemente, e que despois da situación na que se atopaban sería impresentable, e que non tería calificativo para definir que a día de hoxe seguira a situación como estaba. Pero en relación ó que comenta Xarín, nós, en tódolos orzamentos, en tódolos debates dos orzamentos, xa plantexamos a necesidade de que se fixera unha listaxe, na que se indicara que tipo de investimentos se iban a facer cos cartos que se destinaban a unha partida determinada, é dicir, neste Concello non se fai, entón temos que presentar mocións concretas para solventar situacións puntuais. Nós consideramos que é imprescindible que para os próximos orzamentos se plantexe unha listaxe concreta de actuacións por parte do Concello, vostedes aquí non o queren facer como dixo no seu momento o Tenente Alcalde, no iremos solventando



problemas puntualmente, e esa non é forma de traballar, ocorre entón o que ocorre, non son esas as palabras textuais, foi doutro xeito, non recordo exactamente cal eran as verbas do Tenente Alcalde, pero veu a decir que os investimentos se destinarían a donde foran xurdindo os problemas en cada momento, non, os problemas van a xurdir continuamente traballando dese xeito, si se fai unha planificación dos investimentos, esto non ocurriría.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno pois vamos a ver, nós vamos a votar en contra por unha razón moi sencilla, en primeiro lugar como ben usted reconeceu, parte das cousas que usted renuncia, ó día de hoxe están resoltas, punto primeiro; punto segundo: o plan de obras, planificao o equipo de goberno, como en tódolos organismos, e en todos os ayuntamientos, é certo que todo é mellorable, é certo loxicamente, nós agora mesmo, como xa lle expliquei o outro día na Comisión Informativa, estamos elaborando o Plan Provincial do ano que ven, nos cuales se van a incluír un montón de riegos asfálticos deses camiños que ustedes están denunciando neste momento, de feito están co proxecto. Aparte deso hai que reconocer que este ano, foi un ano moi chuvioso, e loxicamente pois os camiños, os asfaltados basicamente, os que están con asfalto, pois sufriron un deterioro importante, nós somos conscientes deso, y nós estamos intentando precisamente meter o Plan Provincial para arranxar todos os camiños que poidamos arranxar hasta donde dea o Plan Provincial, é máis vámoslle meter 20.000 euros a maiores, que o Plan Provincial, entonces esperamos que con estas actuacións se vaian pois solucionando a maioría dos problemas, y se non fora así, pois seguiremos dándolle prioridade absoluta como é lóxico a arranxar eses camiños, pero a prioridade y digamos o plan de actuación loxicamente o fai o equipo de goberno, é obvio. Y con relación á enmenda que vostede dice, téñolle que decirlle que nós xa lle, en primeiro lugar decirlle que non é competencia do ayuntamiento facer esa actuación, me refiero en cuanto ó muro, eso é competencia do propietario donde se derrumbou, camiño de Sobrado da Brigueira, o cual usted fai hincapié, xa se lle notificou por dúas veces a obligación que ten de solucionar o problema, que é problema del, da finca del que se esbarronca e se ven ó camiño. Nós tuvemos actuacións de emerxencia y as seguiremos facendo, y si el, si o propietario non arranxa o que é o problema, se arranxará dende o Concello, se lle pasará o cargo ó seu propietario, que é a súa obligación. Entonces nós o que é a moción, o que é a enmenda, entendemos que non é necesaria, porque nós estamos xa intentando solucionar o tema cas dúas notificacións que lle dixen que lle fixemos, y que esperemos que se resolva dunha maneira ou de outra.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Unha cuestión. Nós non pretendemos organizarlle os investimentos,



nin moitos menos, nós o que estamos é esixindo que fagan un planeamento deses investimentos, que cando elaboren os orzamentos digan, pois o ano que ven hai 100.000 euros de investimento, ou 200.000, ou 300.000 pois van adicados aquí, ós viais de Sobrado, ós parques da Valenzá, ó alumeadado da Avda. De Celanova, eso, non lles vamos a organizar, esos son criterios políticos evidentemente, destinalos a unha partida ou a outra, pero o que si debe existir unha programación, cousa que vostedes non fan, y é evidente o que acaba vostede de decir, corrobora o que di o compañeiro Xarín, o ano que ven haberá investimentos, o ano que ven a Deputación arranxará os viais

O sr. Alcalde toma a palabra: Plan deste ano

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede dixo 2015

O sr. Alcalde toma a palabra: Plan provincial deste ano que estamos agora

O sr. Valcárcel toma a palabra: Dixo 2015, bueno pois os outros tres anos tamén había baches, os outros tres anos tamén había problemas nos viais, debe ser que estamos pertos xa das eleccións, entón teñen que vir os investimentos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben ten a palabra o voceiro do BNG

O sr. Núñez ten a palabra: Bueno eu vou reiterar un pouco o que veño de comentar, é decir, que efectivamente hoxe o facer política do Partido Popular non está na previsión, non está en facer un planeamento das necesidades de infraestruturas, de obras, etc, etc, senón que está un pouco a salto na mata, en función de ir vendo eses problemas que pode haber en ese momento e ilos solventando, pero sin ningún tipo de criterio, prioridades, sin sentido, é decir, siguen traballando como traballaban hai 30 ou 40 anos, donde o veciño lle pedía que lle taparan pois unha fochanca na porta e iban ca pala de cemento a taparlles a fochanca na porta, y ese a gran escala sigue sendo o seu sistema de traballo, é decir, y eso non é maneira de traballar nos momentos actuais.

O sr. Alcalde toma a palabra: Bueno vamos a ver, decirlle que me gustaría poder facer o que ustedes dicen, pero eso ten un inconveniente importante, dende o momento que se fai un presupuesto, en primeiro lugar por desgracia non temos neste momento un presupuesto suficiente como para planificar grandes inversións, eso por un lado, se os tuvérmos se podería facer y eu sería o primeiro encantado en facelas; punto segundo, si se organizan os presupuestos de forma tal que queden xa destinados a unhas partidas, x, y ou z, como neste momento por desgracia son tan reducidos, á hora da verdad quedaríamos limitados cuando surjan temas de urgencia, ou temas máis prioritarios que durante ó millor, o transcurso do ano, de feito este ano surgieron, pois si surgen ese tipo de problemas despois non temos diñeiro para poder afrontar ese tipo de obras, co cual nós entendemos que



independentemente nós temos as nosas prioridades que coinciden con ustedes na maioría dos casos, e se van ir solucionado en función das posibilidades, y claro o que hoxe ó mellor é prioridade un, mañá ó mellor ten que ser prioridade dous, porque surge outra imprevista que un y hai que facelo, y como os recursos son tan limitados, despois temos o presuposto hipotecado, y nos vemos con situacións que ó mellor cae un camiño e non se pode levantar porque non hai diñeiro para levantalo, e o mellor pois hai diñeiro a punta pala, pois para jardinería ou para outra cousa, entonces esa é a cuestión.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede está faltando á verdade, porque sabe perfectamente que as modificacións de crédito vostedes tráenas aquí continuamente, e concretamente o tema do Polideportivo, que ademais iniciaron as obras antes de aprobar a modificación de crédito, pero bueno, é así. Entón as modificacións de crédito existen e tampouco estamos falando de que se faga unha listaxe absolutamente vinculante, é unha planificación, estamos falando de planificación.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben bueno, pois, votamos, votos a favor da moción do Partido Socialista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor da enmienda, votos en contra. Votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese a votación a enmienda presentada polo Partido Socialista, resultando rexeita cos votos en contra do PP, e os votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: **“Moción do PSdeG-PSOE para elaborar un plan de actuación urxente para as rúas e zonas verdes de Sobrado do Bispo que se atopan nun estado de abandono e deixadez”**

5- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE, A HABILIDADE E A MOBILIDADE EN BENTRACES.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos entonces á seguinte moción do Partido Socialista que é tamén sobre a mellora da accesibilidade, habitabilidade e mobilidade en Bentraces, ten a palabra a súa voceira

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tendencia, lenta pero progresiva, de asentamento de poboación no medio rural debe ir acompañada de políticas que melloren a habitabilidade. Esta implantación de persoas, fundamentalmente en casas



rehabilitadas de cascos antigos, debe motivar ás autoridades locais a mellorar as condicións de vida e os servizos, posto que os plantexamentos tradicionais variaron considerablemente. Sen embargo, en Barbadás o goberno do PP non consegue ofrecer solucións definitivas a necesidades que van aflorando como é o caso dos problemas de estacionamento que existen na zona vella de Bentraces. A saturación de vehículos fai ás veces imposible circular e maniobrar nalgúns lugares, fundamentalmente no entorno da Praza do Pumar. Resulta evidente que é preciso buscar unha solución de xeito prioritario e efectivo a este problema que padece a veciñanza que non ten apenas sitio para estacionar os seus coches. E se falamos de buscar unha saída efectiva á saturación de vehículos é porque consideramos que o alcalde a pesar de ser coñecedor do problema, aínda non foi capaz de habilitar un aparcamento público en Bentraces. Hai que ter en conta tamén que desta área de aparcamento público beneficiaríanse as persoas que acuden ó local da asociación de veciños, ó tanatorio e mesmo á igrexa, é dicir, o rendemento social estaría asegurado. Os concellos modernos deben tratar de adaptarse ás novas necesidades que van xurdindo entre a veciñanza e non cingirse só a prestar servizos básicos. Co obxecto de facilitar o asentamento de familias, na súa maioría xóvenes, dende o grupo de goberno teñen que pór en marcha proxectos que melloren a confortabilidade das persoas e a habitabilidade dos pobos. O señor alcalde debería ser consciente de que cada pobo ten as súas peculiaridades e non se pode xeneralizar. Os gobernantes do PP demostran desatención hacia o medio rural no momento en que ó adaptar o PXOM non se fai unha ficha específica para cada núcleo. Pois o mesmo pasa neste caso, Bentraces precisa dun aparcamento, Sobrado de mantemento da rede viaria, Piñor necesita unha maior atención no que a coidado de zonas verdes e infantís se refire e A Valenzá que se ofrezan máis pistas polideportivas ós xóvenes. Pero vostedes señores gobernantes do PP non están ofrecendo solucións. Os problemas de aparcamento en Bentraces provocan que en ocasións poidan estar estacionados na Praza do Pumar e o seu entorno da orde de 30 coches, unha mostra palpable de que hai hacinamento chegando incluso a obstaculizar rúas, principalmente a da Cruz e incluso o acceso á rúa Praza. Outra das asignaturas pendentes do equipo de Freire con Bentraces é o proxecto de humanización da Praza do Pumar. A rehabilitación deste entorno tan emblemático non se materializou a pesar dos intentos que se fixeron durante o goberno de coalición. O alcalde de Barbadás volveu mesturar unha vez máis o partidista cos intereses veciñais e finalmente a Praza do Pumar segue exactamente no mesmo punto morto. Vostede señor Freire ten que escoitar á veciñanza cando lle plantexa cuestións como a da humanización desta senlleira praza, debería acometer proxectos que axuden a dinamizar os diferentes lugares que compoñen o concello de Barbadás. Trátase de que a



Praza do Pumar se convirta no centro neurálxico deste pobo ó dotalo de mobiliario urbano e elementos que contribúan a atraer ós veciños a acudir a un lugar cómodo, seguro e acorde co entorno e deixe así de ser un sitio usado só para que aparquen os coches. Hai que ter en conta que este proxecto está indisolublemente unido á habilitación dunha área de aparcamento de titularidade municipal. Outro dos *handicaps* que ten o PP con Bentraces é a construción de beirarrúas na marxe dereita da estrada OU-540. Os veciños seguen a padecer os inconvenientes que supón transitar por un simulacro de beirarrúas que o único que conlevan é inseguridade viaria. Dende o PSdeG queremos lembrar que en marzo de 2008 todos os grupos apoiaron unanimemente unha moción socialista para que se constrúan beirarrúas, así como instar á Consellería de Política Territorial a incrementar a sinalización convencional e instalar indicativos de carácter luminoso. Outra das cuestións relacionadas coa mobilidade peonil e coa circulación de vehículos é o pésimo estado no que segue a entrada dende a travesía e a rúa do Canastro. Ó alcalde de Barbadás debería darlle vergoña ter durante anos esta intersección sen arranxar.

Por todo elo é que o Grupo Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

- Habilitar un aparcamento público nas inmediacións da Praza do Pumar para evitar os problemas de saturación de vehículos nesta zona debido ó incremento poboacional, facilitando así que o pobo de Bentraces sexa máis habitable.
- Acometer o proxecto de humanización da Praza do Pumar.
- Construír beirarrúas na marxe dereita da travesía de Bentraces.
- Rebaixar o paso situado na intersección da estrada OU-540 coa rúa do Canastro porque se atopa nun estado pésimo e mellorar deste xeito a accesibilidade de vehículos e a mobilidade dos peóns.
- Incrementar a sinalización nos pasos de peóns para mellorar a seguridade viaria.
- Instalar na travesía de Bentraces sinalización luminosa para evitar accidentes ou incidentes de tráfico.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Señor Freire ten vostede unha morea de deberes, xa llo temos dito en máis ocasións, enriba da mesa. Durante anos leva vostede acumulando cuestións que se lle acabaron convertendo en irresolubles, polo menos para vostede e para o seu equipo. En Bentraces hai serios problemas de accesibilidade e de habitabilidade, temos que rendabilizar a todos os niveis o incremento de poboación no casco antigo deste pobo, para revitalizar o medio rural e non o



estamos facendo. Deberes sempre encima da mesa, asignaturas sempre para setembro, setembro tras setembro. A saturación de vehículos, como xa explicamos na moción, na zona vella converteuse nos últimos tempos nun verdadeiro problema, é difícil maniobrar, é difícil circular, é difícil aparcar, esta situación redonda ademais nas dificultades para habitar no lugar. É preciso buscar, como xa reclamamos na moción, de xeito urxente e prioritario unha solución, vostede alardea de que xa o está buscando de que falou cos veciños, coa asociación, pero o tema sigue aí ano tras ano. Freire coñece o problema falou cos veciños, comprometeuse a buscar alternativas, señor Alcalde, para mellorar a habitabilidade da zona, chegouse incluso a falar de lugares concretos onde se podería habilitar unha zona de aparcamento público, promesas e promesas, pero o tempo corre na súa contra señor Alcalde de boas palabras e poucos feitos, poderíamos chamarlle. E prodúcense acotío situacións tan incómodas como a de que non se movan os coches durante días, que aparquen nos soportais, que é un lugar de propiedade privada e que poden molestar, ou que haxa vehículos que cheguen a estar estacionados no mesmo lugar ata un mes. Temos que volver repetirlle desde o PSdeG, que exerza de Alcalde unha vez máis como fixemos xa no anterior Pleno, cuando tratamos o problema de Parada, e que solucione problemas, que chegue ó fondo dos asuntos que lle preocupan á veciñanza, que non o está facendo, e xa pasan os anos e sigue sin facelo, vinteito anos, vinteseite anos, sin facer as cousas, sin facer os deberes. Propoñemos a creación dunha área de aparcamento público porque é necesario rematar coa saturación de vehículos no casco antigo, e porque beneficiaría á veciñanza en xeral, debido á cercanía ademais da igrexa e do tanatorio. Tal e como expoñemos na moción os Concellos modernos deben ter, deben tratar de adaptarse ás novas necesidades que van xurdindo entre a veciñanza e non cingirse a prestar solo servizos básicos, co obxecto de facilitar o asentamento de familias na súa maioría xóvenes como está ocorrendo en Bentraces, por eso de aí a saturación, persoas que veñen a vivir ó medio rural, e que deberíamos agradecer que veñan a vivir ó medio rural, e dende o Grupo de Goberno teñen que pór en marcha proxectos que melloren a confortabilidade destas persoas, e habitabilidade dos pobos, de todas as persoas que viven en Bentraces, porque a situación saturación de vehículos non afecta solo ós que viven nas cercanías, afecta a todo o pobo. Tamén falamos na moción de que se poden xuntar no entorno da Praza do Pumar ata trinta coches, chegando incluso a obstaculizar rúas principalmente á da Cruz, e o acceso á rúa da Praza. E seguimos señor Freire coas asignaturas pendentes, que en Bentraces ten moitas, a Praza do Pumar, vostede ten que se ser quen xestionar ante a Xunta de Feijóo proxectos importantes para o Concello de Barbadás, como é o proxecto de reforma e humanización desta senlleira praza. Foi precisamente o Goberno de Feijóo



quen deixou no esquecemento que se fragou na lexislatura anterior, preguntámonos se sería un castigo á súa saída de tono no seu día, cando actuou de voceiro dos críticos do Partido Popular da provincia de Ourense, ou simplemente vostede señor Freire lle deu o visto bo para que a reforma da Praza do Pumar quede en punto morto, metida nun caixón, porque esto estaba feito, era algo feito, porque non se fixo, eso terao que explicar vostede, e Feijóo tamén, que foi quen meteu no caixón. O que é unha realidade é que se perdeu no esquecemento das cifras consignadas, consignadas a contía destinada a humanizar a Praza para dotala de mobiliario axeitado co casco antigo, e de elementos que contribúan a convertela no centro neurálxico do pobo de Bentraces, e nun lugar de encontro para estudar a posibilidade real de retirar a fonte colocada en épocas pretéritas que contribúe a afean a praza e non aporta nada, esta tanda de fontes que xa se coñecen, como ben decía o compañeiro como “fontes Currás”, demostraron ser pouco eficaces como elemento estético, e hoxe en día máis ben son unha mostra de feísmo, entonces isto sería para miralo. E xa por último a iniciativa socialista volveu resucitar, incidir, recalcar, insistir na construción de beirarrúas na marxe dereita da estrada 540. En marzo de 2008, aprobouse unanimemente unha moción para a construción de beirarrúas na marxe dereita en sentido Portugal, rebaixar o paso situado na intersección entre travesía e a rúa do Canastro, mediante unha axeitada nivelación da rúa en relación coa estrada, instar á Consellería de Política Territorial para incrementar a sinalización dos pasos de peóns e dotalo de elementos máis chamativos, e solicitar a esta Consellería que se poñan en marcha dun xeito urxente medidas que contribuíran a incrementar a seguridade viaria. O argumento que utilizamos entón, é o mesmo, e non se fixo nada, nada, nada. A actual situación de falta de beirarrúas nun dos lados constitúe, sigue a constituír un verdadeiro perigo. O Partido Socialista cree que hai que prever esta inseguridade viaria, non se fixo nada, asignaturas pendentes señor Alcalde. Outro dos lugares onde debe actuar o Concello, é precisamente nesta rúa do Canastro, que non se fixo nada, é vergonzoso, é denigrante para un pobo como Bentraces, que non se pode acceder cos coches, que cada vez que pases co coche estés en perigo de danar os baixos do vehículo, isto claramente é un exemplo de mala xestión, porque os anos pasan señor Alcalde, e os compromisos do señor Freire coa veciñanza quedan en augas de borrallas. Decepcionante señor Freire, con vostede sempre nos queda eso, unha boa dose de decepción, por non saber resolver as cuestións que levan anos e anos na carteira de asuntos pendentes, unha carteira que a debe de ter ben gorda.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do BNG.

O sr. Núñez toma a palabra: Efectivamente a situación na que se encontra, pois a parroquia de



Bentraces, y nomeadamente o contorno da praza do Pumar pois como describe a moción socialista, e efectivamente é calamitosa, non, é dicir, ten unha fonte de tempos pretéritos, no medio instalada, alí colocada, sin función algunha, sin cometido ningún, por usar un símil futbolístico, cuando lle preguntaban: “e ¿tú de que xogas?: eu de medio estorbo”, bueno, pois realmente as fontes que hai neste Concello, como dice o noso compañeiro Xosé Manuel en algún momento dice: “Pois son algún, algún canteiro que había amigo, bueno pois todas son no mesmo formato, todas están de medio estorbo obstaculizando ca xente, que os nenos podan patinar, que os nenos podan xogar nunha zona enlousada, ou nunha zona de césped y non ten función algunha, é dicir, es nada, é ter alí un tempo, un espacio morto, porque non teñen agua, porque non teñen, porque non sirven absolutamente para nada. Entonces, efectivamente nós aí, eu creo que debéramos de ter outro tipo de visións, é dicir, efectivamente non o mellor na praza do Pomar, pero si noutro tipo de prazas, pois habilitar tamén lugares para que os nenos podan xogar a deportes tradicionais, como fan noutro tipo de concellos, véxase Vilar de Santos, etc..., pois o pé do Concello pois xogan á porca, xogan á billarda, é dicir, xogan ós deportes que xogaban os nosos avós y que morren nos tempos, porque evidentemente tampouco non somos quen hoxe de darlle pois pulo, non é dicir, nos dedicamos todos a jugar al fútbol, y todo ese tipo de cuestiones, bueno, ben, é dicir, ya hai que tamén mirar pola historia e por as nosas tradicións. Bueno teño que lembrar aquí efectivamente, pois un proxecto que efectivamente como dixo Victoria, pois da finalización do goberno, é dicir, do final da lexislatura 2005-2009, do goberno de coalición, donde evidentemente había un proxecto que estaba encima da mesa y que trataba pois eso, que iba humanizar, que iba pór en valor, pois a praza do Pomar, iba efectivamente a retirar esa fonte, ese medio estorbo que está no medio da praza, iba evidentemente pois a restaurala de maneira de pór un enlousado, é dicir, pór en valor con criterio do que debe ser un núcleo rural rehabilitado, y esto era o que tiña previsto facer, pois a Consellería de Industria, que en este caso era un proxecto do BNG, pero eso quedou, efectivamente quedou no caixón desastre, quedou efectivamente o Concello pudo dar o parabén, pero a administración neste caso cando entrou o novo Goberno Popular, como son unhos, politicamente son unhos sectarios, todo o que tiña que ver cas nosas consellerías quedou no caixón desastre, porque non interesaba facerlo, é dicir, así se barrenaron o Banco de terras, así se barrenaron as UXFOR, así destrozaron toda a política que cheiraba a outras ideoloxías políticas, en este caso pois fixeron o mesmo pois con este proxecto que o que pretendía pois era eso, humanizar y pór en valor pois o noso rural en este caso, unha praza como pode ser a praza no Pumar, y é porque efectivamente pois é a súa forma de facer política, y entón bueno nós en definitiva pensamos que é



unha moción que ten moito sentido, y que bueno que vamos a votar a favor efectivamente deste tipo de propostas que traedes aquí, en relación co estacionamento, en relación coas beirarrúas y en definitiva que votamos a favor da moción socialista.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois nós vamos a votar en contra, e vamos a votar por o seguinte, claro por supuesto. Vamos a ver, mire, en primeiro lugar, sin prejuicio de que tomemos nota sobre todo no tema das beirarrúas, e reclamar á COTOP que se retome o que se lle solicitou xa no seu día, de arranxar a sinalización e todo eso, volveremos a insistir no seu día xa se se lle fixo, pero bueno nós vamos a estar aí para solicitalo y para urgilo. Ahora ben, eso si, agora que me veña usted dicindo que temos que facer unhos aparcamentos en Bentraces que é un pueblo rural, e por que non en Sobrado, en por que non en Barbadás, e por que non en Piñor, e por que non en Parada, por que non en Santa Eugenia, por que non nas Lamas, é que a demagogia é tan extensa que, pois mira tu. Vamos a ver na zona rural de momento hai suficientemente onde aparcarse, si todos queremos aparcarse diante da praza do Pumar, claro que non haberá sitio, pero eu podíalle dicir, se eu quixera ser demagogo coma vostedes, si non hai problema, facemos unha, que xa está feita no Barreiro por exemplo, vaia a aparcarse ó Barreiro que hai un espacio público que é suficiente para poder aparcarse, claro pero si usted quere que lle busque un aparcamento no centro do pueblo, loxicamente non hai donde, nós fixemos un parque no seu día, foi moi dificultoso conseguir terreos para un parque aparte de pagalos carísimos, porque non é factible, pois si lle digo que si míntolle, e como non lle quero mentir nin a usted, nin so cidadanos, teño que dicirle que o aparcamento na zona rural por norma cuando se fai unha casa, que o obriga a Lei ademais, cada un ten que ter o seu aparcamento, un e medio normalmente nas casas por norma, si esos señores non sei quen, non quere meter, porque seguramente teñen donde meter o coche na súa casa, ó mellor unhos terano ocupado, hai algunhos que o mellor teñen un talleres mecánicos por alí clandestinos tamén, que xa os vin, dito sea de paso, probablemente, entonces ó mellor en vez de gardar o coche no seu baixo pois dedícano a outra actividade que claro loxicamente non lle é compatible cas dúas cousas o espacio. Entonces o do aparcamento, nós podemos a reconsiderar e ademais o vamos a facer, a fonte a vamos a quitar, que non hai problema ningún porque xa chegamos a unha situación que xa me molesta que estea sempre co mesmo rolo, cuando eu sei que hai xente que a quere y xente que non a quere. Bien en todo caso o da fonte pódese reconsiderar porque é algo que nós podemos asumir, agora eu podo decirlles ós veciños que en vez de deixar os coches na praza do Pumar, que os deixen na escola, que hai espacio, que o deixen no campo do Carril, que hai espacio, y loxicamente en tódolos sitios non temos que deixar o coche, no mesmo porta da casa, salvo que o



metamos no noso baixo, que tamén seguramente teñen baixo para metelo a maioría deles. Entonces outra opción podía ser prohibir aparcar na praza do Pumar, podría ser esa opción, prohibido aparcar, dicímoslle ós veciños e prohibimos aparcar y a ver que facemos, porque claro que o Ayuntamiento lle busque un aparcamento, así sin máis é moi fácil decilo, pero non é tan fácil facelo, entonces como nós consideramos que é unha, un pouco parte da moción é demagóxica, pois nós vamos votar en contra.

A sra. Morenza toma a palabra: Imos por partes, en primer lugar, agora dícenos que no tema das beirarrúas que toman nota, señor Freire desde o 2008, vostedes

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa falamos, e lle notificamos á COTOP

A sra. Morenza toma a palabra: E xa non falemos de Loiro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu estou falando do de Bentraces.

A sra. Morenza toma a palabra: Si quere falamos de Loiro, que tamén se presentou unha moción, tamén se aprobou por unanimidade, e sigue sin habilitarse os pasos de peóns elevados que se comprometeu.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é a competencia nosa , nós trasmitímoslle esto á administración que lle compete.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostedes teñen que saber gobernar, e o tema das beirarrúas é un problema, e o tema ó acceso á rúa do Canastro é outro un problema, entonces terase que solventar dalgunha maneira, terán que buscar algunha solución urxente, porque levamos así anos e anos. Sobre o tema do aparcamento, xa prevíamos que nos iba a decir que no medio rural que non se pode, que non se van a construír aparcamentos, esto xa lle poñemos na moción, que esto, que cada pueblo ten ás súas peculiaridades, en Bentraces dáse esa casualidade de que hai casa restauradas, onde foron vivir familias xóvenes, que non poden acceder, porque son casas antigas que non teñen acceso a vehículos, entonces resulta moi complicado,

O sr. Alcalde toma a palabra: Todas teñen acceso a vehículos, senón como fixeron a restauración, eu coñezo as casas todas, unha por unha, e colle un coche perfectamente

A sra. Moreza toma a palabra: Son personas xóvenes, calles angostas, persoas xóvenes e que non poden acceder co seu vehículo, comodamente, estamos falando de accesibilidade e de habitabilidade, e vostede señor Alcalde falta á súa palabra, cando di que non se van construír aparcamentos no medio rural, cando vostede se comprometeu ante os veciños, e foron mirar incluso un lugar alí cercano á praza do Pumar, a que fai esquina para habiliar un aparcamento, pero señor Alcalde usted míntelle ós veciños, usted tómallo o pelo ós veciños.



O sr. Alcalde toma a palabra: Cando lle dixen eu que lle iba facer un aparcamento. Eso é unha mentira total.

A sra. Morenza toma a palabra: Usted falou cos veciños hai meses, ou hai anos, e falou de comprar, de mercar, un terreno para aparcamento

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero non para aparcamento, como que para aparcamento, eu teño testigos, nadie dixo para aparcamento.

A sra. Morenza toma a palabra: Entonces que é para solar, para solar de los vecinos. Usted señor Alcalde comprometeuse a habilitar unha zona de aparcamento

O sr. Alcalde toma a palabra: Non señora, mentira, eso non é certo

A sra. Morenza toma a palabra: Esto pasa o mesmo ca da Casa da Cultura cuando saliron correndo, e era mentira tamén, é o mesmo que o da Casa Cultural

O sr. Alcalde toma a palabra: Non lle dixen nada que lle iba a habilitarlle un aparcamento ós veciños de Bentraces, e usted non pode mentir. Si eu lle digo que non, non, porque ademais teño testigos, aparte de que non é certo.

A sra. Morenza toma a palabra: Y eu tamén teño testigos, señor Alcalde.

O sr. Alcalde toda a palabra: Pero testigos de que

A sra. Morenza toma a palabra: Testigos de que estaban nesa reunións e que foron mirar incluso o lugar da casa que fai esquina

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Para aparcamento?

A sra. Morenza toma a palabra: Pero para que era entón, señor Alcalde, para que era, para facer un jardín, que vai facer un jardín alí

O sr. Alcalde toma a palabra: Non era para aparcamento, no, non porque decían que si se podía conseguir a un prezo moi asequible, para o campo da festa, pero non para aparcamento, como vou conseguir eu para aparcamento unha casa, menudo coste ten o aparcamento

A sra. Morenza toma a palabra: Mire señor Alcalde, usted comprometeuse cos veciños, en facer unha zona de aparcamento.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pois dígalle a ese veciño que a usted lle dice eso, que minte.

A sra. Morenza toma a palabra: Evidentemente os Concelleiros do Partido Popular, tanto o Alcalde como a Concelleira do pobo, van a decir que non, pero o que está claro son os feitos. Bentraces ten unha saturación, un hacinamiento, ten problemas serios de circulación para maniobrar na praza do Pumar e no entorno, trátase de facer pueblos habitables, e pueblos accesibles.



O sr. Alcalde toma a palabra: Perfecto un aparcamento no medio e medio da praza do pueblo, según usted, para facer un espacio habitable.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostede está gobernando, e ten que buscar un aparcamento, un lugar, onde vostede decida, e onde vostede se poña de acordo cos veciños, non son eu, eu estou na oposición, cuando este gobernando xa me dedicarei a buscar solucións.

O sr. Alcalde toma a palabra: Perfecto, moi ben, ten a palabra o Bloque.

O sr. Núñez toma a palabra: Bueno, é reiterar un pouco o que falamos antes, como aquel proxecto de rehabilitación, de humanización da praza do Pumar, quedou no caixón do olvido, pois efectivamente, os coches siguen estacionando dun xeito evidentemente indebido, entendemos que obstaculizando o tránsito das distintas rúas, pois porque non se levou a cabo este proxecto, nin hai interés ningunha efectivamente en facelo, y o que se está solicitando pois efectivamente é eso, é decir, acaba vostede de decilo, é decir, hai que regular tamén ese tránsito, y si se pode estacionar, pódese estacionar, y sinón pois non, é decir, pero o que non se pode é deixar cada un o coche como lle venga en gana, no casco rural, nun núcleo histórico y despois que a xente non poda circular, o resto dos veciños non poden circular, que é o que sucede nomeadamente nesta praza, que por certo naquel proxecto de humanización do Goberno da Xunta, pois si que efectivamente se iba a enlousar se iba a preparar, se iba a pór en valor, y efectivamente se iban a prohibir, pois ese estacionamento nun lugar como é de recibo, claro, pero bueno como aquilo quedou esquecido.

O sr. Alcalde toma a palabra: Turno de peche, un minuto si.

A sra. Morenza toma a palabra: Vostede fala da obrigación legal de ter habilitada unha praza media de aparcamento tal e como se recolle na Lei, a mesma praza e media de aparcamento que incumpriu Mahía na Valenzá para as prazas de aparcamento, é esa mesma praza e media

O sr. Alcalde toma a palabra: Non é verdad tampouco

A sra. Morenza toma a palabra: É esa mesma praza e media

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero de donde saca usted esa mentira

A sra. Morenza toma a palabra: Ustedes teñen os seus argumentos e nós temos os nosos, nós temos probas de que non, de que os garaxes que construíu Mahía na Valenzá non cumprían a lexislación porque invadían zonas verdes, invadían zonas que son de uso público.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, é verdad, pero usted cre que habería autorización, si non cumpriran a lexislación. Por favor, por favor, por favor. Que a señora Secretaria sabe que, pero vostede cre que alguien lle iba a dar unha licencia, si non fora así.



Bien, pois votos a favor da moción, votos en contra.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitada cos votos en contra do PP, e os votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG o seguinte acordo: **“Moción do PSdeG-PSOE para mellorar a accesibilidade, a habitabilidade e a mobilidade en Bentraces”**

6- MOCIÓN DO BNG SOBRE A GRATUIDADE DE LIBROS DE TEXTO

O sr. Alcalde toma a palabra: Moción do BNG sobre a gratuidade de libros de texto, ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanza mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A CONFEDERACION ANPAS GALEGAS defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do defensor del Pueblo,(“o Defensor del Pueblo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación exige que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa



parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que exige medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíto».

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción dos seguintes

ACORDO

A volta ao sistema de préstamo universal.

Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.

Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.

Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE

A sra. González toma a palabra (BNG): A Constitución Española define a educación como un dereito fundamental gratuíto e obrigatorio, o que supón que os Poderes Públicos teñen a obriga de garantir o acceso e mantemento deste dereito, independentemente da condición do alumnado. Baseándose nesta premisa, o Goberno Galego na etapa do 2005-2009, puxo en marcha por primeira vez na Galiza un sistema de gratuidade de libros de texto mediante o sistema de préstamo, que supuxo unha auténtica revolución no ensino e un paso de xigante no afán de conseguir esa ansiada gratuidade na educación. Este sistema non só garantía que as familias que accedesen por primeira vez na historia de xeito gratuíto a un material escolar básico e indispensable, senón que puña en valor o sistema de educación pública e promovía entre os usuarios valores como a responsabilidade, a solidariedade, o traballo en equipo, o coidado do ben común, a reciclaxe, etc... Era un sistema que supoñía tanto ás



familias numerosas, como as familias de fillo único, como as familias de alto poder adquisitivo, como as familias de baixo poder adquisitivo, ou de menor poder adquisitivo, que quedanse igualadas á hora de entrar non sistema educativo, á hora da entrada na escola. E por outro lado permitía aquelas familias de menores recursos un aforro importante nos momentos de maior gasto do ano, o inicio do curso escolar. Permitía ademais máis, eficiencia da administración a menor custo. Todos contentos, en principio, pero non, había intereses económicos, fundamentalmente das editoriais, e intereses políticos da dereita máis recalcitrante, que segundo chegou ó poder actuou como unha apisonadora sobre os dereitos fundamentais, sobre a educación e sobre os dereitos sociais, e como primeira medida acordou cos grupos editoriais eliminar o servizo de gratuidade de libros de texto, e polo tanto mermar a capacidade das familias e impedir e garantir de xeito real a igualdade no dereito á educación. Como todos sabemos non foi o único, pero foi un paso moi relevante que demostrou a miseria moral desta xente que os seus intereses particulares e económicos, están por riba de calqueira dereito social, dunha catadura moral tan baixa que en época de crisis supón que as familias teñan que incrementar os seus gastos, e multiplicalo polo número de fillos que teña, e que moitas familias teñan que elixir entre mercar o material escolar, os libros, ou xantar ese día. Supón ademais un gasto medioambiental insostible, dado que cada ano se usa material novo e unha soa vez, e supón tamén que as grandes editoriais saquen partido económico desta situación, no que ven sendo un negocio asegurado, ano tras ano, que o PP apoia, non se sabe moi ben por que, e suponse que sae beneficiado evidentemente. É indudable ademais probouse con éxito nese goberno que vostedes maldicen de xeito reiterado, pero que supuxo pór enriba dos intereses persoais o benestar social e polo tanto o sistema de empréstito supón, por un lado supón un paso adiante na igualdade real no dereito á educación, por outro lado é eficiente economicamente, é un recurso que se reutiliza en multitude de ocasións, por outro lado é eficiente medioambientalmente, o gasto de papel aminórase e incúlcanse políticas de reciclaxe, por outro lado promove actitudes e valores como solidariedade e conservación do público, do ben común, e por outro lado axuda ás familias nesta crise económica tan forte que estamos soportando, e contribúe á igualdade de oportunidades reais. Estes son basicamente os motivos polo que traemos aquí esta moción, e plantexamos que se tomen estes acordos nun Pleno, por un lado que se inste á volta ao sistema de empréstito universal; que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público; Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de empréstito e que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.



O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o voceiro ou voceira do PSOE

A sra. Presas toma a palabra: O Grupo Municipal Socialista de Barbadás, considera que un sistema educativo de calidade, público e gratuíto, é un dereito universal. O programa de gratuidade dos libros de texto é un modelo baseado no sistema de préstamo avaliado pedagoxicamente por fomentar no alumnado a solidariedade, o respecto polo material colectivo e polas súas evidentes repercusións ecolóxicas, e tamén máis eficiente dende o punto de vista económico. O Partido Socialista sempre apostou polo sistema de préstamo e así o demostrou no seu día, redúcense o número de receptores das axudas para a compra de libros de texto, respecto ó ano anterior, aumenta o IVE do material escolar, precisamente agora que as familias peor o están pasando. Está visto que o goberno de Rajoy non entende a educación como un dereito universal, público e gratuíto para todos. Nós imos votar a favor da moción dos compañeiros do BNG.

O sr. Alcalde toma a palabra: E nós tamén, entón xa non require debate. Entendemos que ten razón, punto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do BNG sobre a gratuidade dos libros de texto:

- **A volta ao sistema de préstamo universal.**
- **Que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.**
- **Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.**
- **Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE**

7- MOCIÓN DO BNG PARA A REVISIÓN DA FACTURACIÓN DO CONSUMO ELÉCTRICO MUNICIPAL

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó punto 7 da moción do BNG para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal. Antes de nada lles vai entregar unha documentación en base ó que falamos na Comisión Informativa, de que xa habíamos encargado unhas, dous estudos concretamente, pero bueno en todo caso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existen numerosas reclamacións de numerosos concellos galegos pola facturación indebida da electricidade, polo que estes cobros indebidos se están a producir de forma xeneralizada en todo o



país. Nalgúns casos a distribuidora eléctrica aplicou a tarifa diúrna cando as institucións locais contrataran a nocturna para o alumado público, había facturas duplicadas, multiplicacións mal feitas, ausencia de contadores, cobros de tramos equivocados e moitos máis erros que o persoal técnico especializado detectou e que afecta gravemente as precarias economías locais. E o máis grave, mesmo se lles facturaban aos concellos por conceptos contrarios á lexislación eléctrica. Máis que de erros puntuais, estamos a falar dunha estafa claramente organizada polas distribuidoras eléctricas.

Ante estas reclamacións, algunhas empresas subministradoras de enerxía pretenden devolver só a facturación cobrada indebidamente no último ano, xa que consideran os cobros indebidos como erros de lectura ou despistes administrativo, cando é evidente a estafa, pois chegaron a cobrar por conceptos contrarios á lexislación.

A Fegamp reconece ter acumuladas queixas de máis de 130 alcaldes e alcaldesas por facturación excesiva do alumado público. En abril de 2013, colgaba na súa páxina web a nova do inicio de conversas cos directivos das eléctricas na Galiza para pór fin á situación de impotencia de alcaldes e alcaldesas, destacando a desproporción das facturas estimadas respecto ao consumo habitual, o incumprimento das tarifas contratadas e dos descontos acordados, a discrecionalidade das eléctricas para aplicaren a facturación mensual ou bimensual e o descontrol na emisión das facturas duplicando e remitindo algunhas que xa foran pagadas polos concellos.

A Fegamp, co obxectivo de amparar os concellos que tiveran que reclamar ou acudir a contenciosos, asinou o pasado ano un convenio coa Consellaría de Industria que non se aplicou “por problemas burocráticos”, deixando os concellos só con apoio “moral”.

Diferentes gobernos municipais de de todo o país, como por exemplo o de Pontevedra, están demandando que a compañía devolva os cartos que cobrou a maiores desde o ano 2009. Porén, a maioría dos concellos non teñen persoal suficiente para analizaren polo miúdo as facturas eléctricas, e moitas delas esquécese ou pásanse por alto.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción do seguinte

ACORDO

Iniciar unha revisión de todas as facturas emitidas pola empresa de distribución de enerxía eléctrica ao concello, cando menos desde o ano 2009, para detectar posíbeis erros e cobros indebidos.

Realizar un estudo para avaliar as condicións da subministración eléctrica e, de ser o caso, promover un concurso público para conseguir a mellor oferta de subministración.



Interpor as reclamacións oportunas contra a empresa, no caso de se detectaren facturacións indebidas, para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009.

Instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar os concellos que tiveren que reclamar.

Instar á xunta de Galiza a que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.

A sra. González toma a palabra: É moi raro todo, que queres que che diga, non é transparente. Eiquí hai unha, a moción que metemos é precisamente porque o que pode parecer, pode parecer incluso unha estafa das eléctricas ¿non?. Pois se está revisando por parte da maioría dos Concellos, y nós por supuesto aplaudimos que vostedes tamén fagan o intento de revisalo. De todas formas o que nos presentan hoxe a min déixame un pouco anonadada, e fóra de xogo, porque nos dicen que unha empresa revisa e que en principio está todo ben, y entonces ahora ven outra empresa y dice, no, no pero é raro que esté todo ben, entonces volven revisar.

O sr. Alcalde toma a palabra: Y si non nos costa nada, porque non o vamos a facer.

A sra. González toma a palabra: Parece un programa de risa, sinceramente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, non, vamos a ver, non costa nada

A sra. González toma a palabra: Se hace muchísimo Silvia, asegúroche que hai moito fraude por aí, asegúrocho que se fai moitísimo, claro en época de crisis hai unha falta de transparencia tal, que esto, a ver. Si eu á mañá me quedei tranquila cando Fírvida me comentou que se falara na Comisión de Gobierno, ahora a verdad, é que me quedo un pouco non sei.

O sr. Do Olmo toma a palabra (PP): É moi fácil de explicar, y eu creo que non hai nada desp que tú estás pensando, ni malpensado. A empresa primeira que fixo esto, o fai, é a mesma que detectou en varios Concellos, e sale na prensa, teño eiquí o recortes de prensa que os enseñei a Fírvida na Comisión, e a mañá falámolo no bar, detectou en varios Concellos, no Barco e en Vilar de Santos e varios por aí, cuarenta, ochenta mil euros, no noso non o detectou porque non os hai, porque ademais é unha conta moi fácil de facer, son as mesmas facturas que vai mirar, que mirou esta empresa como a outra, cal é a explicación a esto que tú tanta cousa che dá, pois é moi fácil, a ver todas as empresas queren ganar un can, entonces véñenche ofrecendo que cho miran gratuitamente, e cobran en función do que detecten, bueno pois como eu estaba de diante, o día que chamaron ó Alcalde a segunda



empresa, y efectivamente el contestoulle, e reiteroulle que estaba feito o estudio, y en cambio eles seguíronlle insistindo ofertándolle un servizo, porque queren traballar, pois el díxolle que si que non había problema, porque ó mellor ós outros colóuselles algo ou tal, agora, para min son de toda credibilidade a primeira empresa, porque están aí os recortes de prensa que detectaron varios Concellos co tema, a ver, sería para eles unha metedura de pata podendo cobrar dun tema non o cobrar, en primeiro lugar, e en segundo quedarían fatal si agora esa segunda empresa detecta algo, me entendes, que podía meter un fallo, pero podían meter un fallo, pero tu imáxinate que meteran a pata, bueno agora ven a segunda empresa, como quedan diante do Alcalde, ou de nós, e de vós, a quen lla recomendamos, pois esa é a explicación non lle des máis voltas ¿vale?.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero vamos a ver nós aprobamos a moción

A sra. González toma a palabra: De todas formas, un momento, a ver, estou no turno de palabra. Vamos a ver, outra cousa, esto son empresas privadas evidentemente, bien. Desde o servizo de intervención aquí non hai ningún tipo de seguimento, ou ningún tipo de estudo, ou ningún tipo de valoración sobre este tema, de intervención do Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: De intervención, e porque vai haber estudio de que tipo, porque

A sra. González toma a palabra: Pois porque leva a parte económica, me imaxino, entonces sería o servizo público que pagamos todos

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero vamos a ver, intervención supoño que o faría unha vez que se detectara.

A sra. González toma a palabra: Dende o Concello parece que non hai interés por facer un seguimento desde o propio Concello

O sr. Alcalde toma a palabra: Aí o temos, xa

A sra. González toma a palabra: Non sin ser a través de empresas privadas, senón a través do propio Concello

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero que medios temos nós para lle facer un seguimento a unha empresa en cuanto é un tema técnico que elas non controlan. A Interventora non pode facer ese seguimento, pode facer o seguimento das facturas

A sra. González toma a palabra: Pois si das facturas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Para facer algunha reclamación tes que ter unha base jurídica para facela, é dicir, usted me está facturando máis do que consumo, vale bien, pero eso que hai primeiro contrastalo tecnicamente



A sra. González toma a palabra: Bueno vale. Bueno pois nós en todo caso vamos manter a moción, a nós en principio non nos convence, todo este guirigai que está montado, y como non nos convence. Non, nós non somos empresarios, nin temos empresas nin nada de nada, non é esa a cuestión, a cuestión non é traer empresas e empresas, a cuestión é que bueno, en principio non se detectaron fallos, o cual a nós nos parece ben, pero agora ven unha segunda empresa, que non o digo eu, que o dice unha segunda empresa, que dice que é moy raro que non haxa fallos, y desde o Concello non hai un seguimento desde un ámbito público, desde un ámbito técnico, desde o ámbito que sexa necesario.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero que medios temos nós, para facer eso

A sra. González toma a palabra: Bueno pois vale.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós estamos abertos loxicamente a facer todo tipo de estudos que sean necesarios, para ver si podemos aforrar, pero temos que recurrir a alguen que tecnicamente, digamos é factible e o sabe facer, porque a Interventora ou o Aparejador, a ver que vai facer con todo eso, que non entende nada, supoño eu.

A sra. González toma a palabra: Bueno, eu tampouco entendo nada, eu estou dicindo esto porque eu, a min esto non me resulta unha cousa que me convenza, así de claro, entón pois bueno

O sr, alcalde toma a palabra: O convencimiento é moi personal, si esa mesma empresa fixo Vilar de Santos e fixo no Barco e fixo en varios, e detectou e eiquí non, non creo que nos queiran perxudicar a nós, porque a perxudicada é ela ademais. Bueno en todo caso nós vamos loxicamente a apoiar a moción, porque si hai un terceiro ou un cuarto, pois e o consegue, pois benvido sea. Ten a palabra

A sra. González toma a palabra: Vale, non rematei aínda. Hai aquí un punto, que pon instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado, bueno, e instar á Xunta de Galiza a que adopte o papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes, entonces, nós vamos manter esta moción, que comentara Fírvida que igual a retirábamos, pero vámolos manter, primeiro porque non temos claro o procedemento seguido, e segundo porque desde algún ámbito público, ten que haber de algún xeito un seguimento deste, é decir, non se pode relegar todo á empresa privada, y sinón é desde o Concello, que se busquen a vida a través da Xunta de Galiza, ou a través dos organismos pertinentes públicos que fagan un seguimento, y que nos chegue un papel dun organismo público do que eu me fiaría ó 100%, ou do que nos fiaremos ó 100%, y non de unha empresa privada exclusivamente, algo que avale o que digan estas empresas, máxime cando hai certa contradición entre as dúas, unha que non hai erros e outra que lle resulta raro que non haxa erros.



O sr. Alcalde toma a palabra: Pero están facendo, cando acabe o estudio.

A sra. González toma a palabra: Bueno pois en base a eso, nós vamos a manter a moción e a manter estes puntos todos.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vale, vale, perfecto.

O sr. Valcárcel toma a palabra: As sospeitas de Ánxela, eu enténdooas perfectamente, e voulle explicar por que. O señor Presidente da Deputación da Coruña, participa nunha fundación na que tamén participa Gas Natural-Fenosa, que lle ofreceu os seus servizos, ós diversos concellos da provincia da Coruña, non sei si de outras, para averiguar si realmente a facturación era correcta, ou non, e cobra o 50% dos erros detectados, o señor Presidente da Deputación da Coruña, Diego Calvo, infórmolle a vostede, e á señora Secretaria por si acaso se lles ofrece os servizos esa empresa, sae na prensa, entón, os argumentos ou as dúbidas de Ánxela son moi razoables, e aquí lles veño a explicar que, esa é a razón pola que pode ter esas sospeitas, e eu tamén. Acabo de verificar supoño que esta segunda empresa, que esta segunda empresa, xa o verifiquei, esta firma, un contratista, un tal Luciano Otero que non é Diego Calvo, e que ten parece ser a súa ubicación na provincia de Pontevedra, que non é na Coruña, esta parece ser que ten a ubicación na Coruña. Pero quero dicir que dúbidas sobre o procedemento dunha empresa privada, todas, precisamente por esta razón que estou expondo, Diego Calvo, creo que se chama así o Presidente da Deputación da Coruña, é presidente dunha fundación, entre comillas, na que participa Gas Natural-Fenosa, y que lle ofreceu os seus servizos para verificar si as facturas eran correctas a concellos da Deputación da Coruña, e creo que llos vai estar estendendo esa oferta a outros concellos de outros lugares, e cobran o 50% dos erros, claro e isto é fantástico, eu ofrézolle os servizos a un concello, para que detecte os erros, pero resulta que Gas Natural-Fenosa participa nesa empresa, cobra polos erros, e cobra polo facturado, home permítame que me dea a risa, literalmente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non vou a entrar a discutirlle eso.

O sr. Valcárcel toma a palabra: No, no, pero digo que aí están as dúbidas

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso é tamén discutible, porque nós agora non temos, nós temos cero euros, será o 50% de cero é cero

O sr. Valcárcel toma a palabra: Perfecto señor Freire, eu alerto, eu alerto e comparto as dúbidas sobre a empresa privada, as dúbidas, vexo que non deben ser en ningún caso da que estou falando, pero que existe esa posibilidade, entón, non acabei señor Freire. No PSdeG consideramos que dado que este é un problema que afecta a un gran número de concellos galegos, a Xunta de Galicia, tería



que haber actuado inmediatamente, e apoiar ás administracións locais afectadas. Existe un convenio asinado entre a Xunta e a Fegamp, que debe ser cumprido por parte do Goberno Autonómico, e que ten servir tamén para evitar que nun futuro se reproduzan estas situacións nas que unha gran empresa abusa da situación de poder para realizar unha estafa xeralizada, e este convenio foi asinado o ano pasado, e este convenio está sendo incumprido pola Xunta de Galicia, e este convenio o que contemplaba era un apoio xurídico aos concellos, e a Xunta meteuno no caixón desastre, como a praza do Pumar, si fai esto coa administración, unha gran empresa, que poderá estar facendo cos consumidores particulares, non o quero nin imaxinar. Seguramente que as tarifas nocturnas que terían que ser aplicadas a certos consumos domésticos, pois non os están aplicando. Os poderes públicos deben actuar con toda dilixencia, e todos os medios ó seu alcance para evitar estas situacións, e dado que se trata dunha suposta estafa xeralizada, instar tamén á xustiza a actuar de oficio. Gas Natural reconece haber cobrado de máis, durante os últimos cinco anos, pero só accede a devolver o exceso de facturación do último exercicio, isto para o Grupo Socialista é inaudito, e merece unha actuación inmediata da xustiza, sábese quen é o ladrón pero non quere devolver o roubado, isto é xa o colmo dos despropósitos; non basta con que interveña, como está facendo o Instituto Galego de Consumo. A situación que acaba de detectarse en relación á facturación do consumo de electricidade ós concellos, pon de manifesto a importancia que ten dispor no Concello de Barbadás un servizo que poida verificar e contrastar as facturas dos diversos provedores, e que no caso de haber erros permita proceder a subsanalos dun xeito inmediato. Non estou decindo que o Servizo de Intervención teña responsabilidade neste asunto sin que haxa erros, porque o Servizo de Intervención neste Concello é limitado, nós, en todo momento reclamamos que houbera un Servizo de Recadación, un Servizo de Intervención máis amplo e que puidera verificar a corrección das facturas que nos facilitan, ou que nos envían os provedores; un servizo que seguro sería rentable para as arcas do Concello e que ademais tería un claro efecto disuador. Ademais da situación que se denuncia na moción nacionalista no Barco de Valdeorras, no Concello do Barco de Valdeorras detectouse que a empresa suministradora non pagara o canon do 1,5% que están obrigados legalmente, entón o señor Alcalde pode confirmarnos con certeza absoluta que este canon está sendo pagado en Barbadás con regularidade co importe correcto, esa é a segunda parte.

O sr. Alcalde toma a palabra: Esa empresa, a segunda empresa esa, é a que o está gestionando

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estano verificando, vale, entón non nos pode verificar que, porque o Partido Socialista presentou unha moción non hai moito tempo en relación a este canon, e vostedes



dixeron: no, aquí estase pagando con regularidade, entón vaise verificar eso tamén non, pero non me pode decir ó 100% que non haxa erros

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, se o mandamos verificalo, é porque desconfiamos que o pode habelo, si o hai é pois que se cumpla

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero a min rexeitáronme esa moción, recórdollo. O Grupo Socialista propón unha enmenda para que o Concello revise o citado canon se está cobrando ademais, e se a contía é correcta, vexo que o están facendo, solicito que o Bloque Nacionalista incorpore esa enmenda que estou presentado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero si o estamos facendo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Bueno pero é unha moción que estamos a debatir, tal e como eles presentan unha moción e a manteñen enriba da mesa, nós presentamos esta enmenda. Que analice tamén si é correcto o canon do 1,5% que teñen que pagar as empresas suministradoras polos consumos que fai o Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Nós non temos inconveniente en votala (a enmenda), porque o estamos facendo, penso que é totalmente innecesaria cuando se está levando a cabo xa, pero bueno se queren quedar contentos, ca aportación. Unanimidad, si.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade a enmenda aprobada polo PSdeG-PSOE: **“Que o Concello revise o citado canon se está cobrando ademais, e se a contía é correcta”**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción do BNG para a revisión da facturación do consumo eléctrico municipal:**

- **Iniciar unha revisión de todas as facturas emitidas pola empresa de distribución de enerxía eléctrica ao concello, cando menos desde o ano 2009, para detectar posíbeis erros e cobros indebidos.**
- **Realizar un estudo para avaliar as condicións da subministración eléctrica e, de ser o caso, promover un concurso público para conseguir a mellor oferta de subministración.**
- **Interpor as reclamacións oportunas contra a empresa, no caso de se detectaren facturacións indebidas, para a devolución dos importes de todos os anos desde o 2009.**
- **Instar á Xunta de Galiza a que tome todas as medidas necesarias para que asesore e ampare aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar os concellos que tiveren que reclamar.**



- Instar á xunta de Galiza a que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.
- Que o Concello revise o citado canon se está cobrando ademais, e se a contía é correcta”

8- MOCIÓN DO BNG SOBRE O ESTADO DOS PARQUES, XARDÍNS E ELEMENTOS DE MOBILIARIO URBANO

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á seguinte moción do BNG que é sobre os parques, xardíns. Ten a palabra o seu voceiro, ou a súa voceira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa chegada da primavera e o bo tempo e cando os días se fan máis longos, a cidadanía do concello sae máis á rúa e pasa máis tempo en parques e beirarrúas. Xa son moitas as ocasións en que os grupos da oposición temos reclamado dos responsabeis do concello unha actitude máis activa en canto ao coidado de parques e xardíns públicos. Os que están situados nas parroquias do concello están moitos deles abandonados, e os que non o están sufren unha situación de esquecemento e desidia.

Algo semellante acontece cos parques da Valenzá, que aínda que máis coidados que os do rural, non deixan de estar esquecidos. Os areneiros onde xogan os máis pequenos non son renovados periodicamente, e dado que aos parques infantís seguen accedendo cans, estes convírtense nun posible foco de infección e enfermidades para os máis pequenos. A herba mal coidada, as fontes sen auga ou atoadas, que supoñen outro elemento de risco para as nenas e nenos, etc.

O mobiliario urbano, mercado, supomos, para facer máis atractivo os núcleos, están nun total abandono. Desde que hai xa varios anos o PP nos sorprendeu cun dispendio de diñeiro para montar nas farolas da Valenzá “niños” de prantas, incluso con rego automático, estas foron desmontadas e hoxe nin os maceteiros das beirarrúas teñen plantas.

Por todo o exposto, o BNG de Barbadás solicita do Pleno da Corporación Municipal de Barbadás a adopción dos seguintes

ACORDOS

Realizar unha revisión xeral de todos os parques do concello para planificar a súa mellora xeral e acondicionamento.

Limpeza dos parques, acondicionamento da herba, enchido das fontes ornamentais, arranxo das fontes, e todo aquilo que precise o acondicionamento de parques e xardíns.



A sra. González toma a palabra: Un ano máis, despois do Pleno que asistimos xa a varias, a unha moción ou dúas en este sentido, pois un ano máis o BNG, chega a primavera, e ca primavera a situación dos parques e dos xardíns do noso Concello, as zonas de ocio dos cativos e dos maiores seguen estando en pésimas condicións. Lembramos unha vez máis o estado dos parques da autovía e da Solaina, que son mui frecuentadas durante todo o ano, porque alí está a ludoteca infantil, pero máis a partir deste momentos, pois o areeiros seguen drenarse, non hai cambios das areas, hai farolas que non encenden, as fontes están sen acondicionar, as fontes das que falábamos que son ornamentais e que non valen absolutamente para nada, hai bambáns en mal estado, hasta hai pouco habíaos, y as actuacións que se teñen levado a cabo, pois foron actuacións moi puntuais e sen falta de planificación, nin de previsión, é dicir, alí no parque da Solaina, durante moitísimo tempo estivo un bambán que ten unha ponte, sin unha, non sei, creo que eso xa o arranxaron, pero durante meses, e meses, e meses, que os nenos pequenos están subindo e facilmente podíanse haber mancado. Parques como o do Comón, pois aí siguen en situación de abandono, ou parques como o da Lucinda, ou como o parque Bahamonde da Valenzá, etc, etc... y o mesmo pasa cos paseos. Na zona dos Carrís hai unha zona donde non hai barandillas, y é fácil que calquera persoa maior que pase por alí poida caer algún eido, ou algún neno que vaia correndo, y é nunha parte ampla do recorrido que vai, si, si, si, non hai barandillas na parte dereita, indo dos patos hacia o campo de fútbol, co conseguente riscos de caídas ó vacio. Igual pasa co mobiliario urbano no que se colocaron parterres, que suponse con fin ornamental pola Valenzá, que foron esquecidos, e que o Goberno Municipal esqueceunos de xeito que agora os aproveitan os donos dos bares, pois para plantar alí os que se lles ocorre, desde pirixel hasta tomates, ou o que sexa que poidan utilizar no seu propio bar. Igual pasou cos niños que se colocaron de flores nas farolas que supuxeron unha inversión de miles de euros cun sistema de rego por goteo, para o que houbo que abrir zanzas canalizar auga, mecanizar o proceso, e que hoxe están desaparecidos e non se saben donde están, y que pasou con eles.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tanto o criticaron

A sra. González toma a palabra: Tanto os criticaron, pero o primeiro xa que gastaron o diñeiro, primeiro gastan o diñeiro e despois desaparecen sin dar ningún tipo de explicación, eso foi como o autobús.

O sr. Alcalde toma a palabra: Non, están aí para pór, sin problema ningún, o problema é que dan traballo.



A sra. González toma a palabra: Calquera día véndeos a baixo precio, como fixo co autobús, usted é un negociante de carai, para usted si, agora para todos non, sin que ninguén de conta do que pasou, nin o diñeiro, a ver quen repuxo ese diñeiro. Ustedes poñen os niños de flores, fan unha inversión de miles de euros, despois retíranos, alguien repuxo o diñeiro, porque o diñeiro non é seu, ou é seu.

O sr. Alcalde toma a palabra: No, no, eso están aí, están guardados y a miña idea é poñelos desde logo, cuando haxa margen de persoal suficiente, claro

A sra. González toma a palabra: Cuando deixen de criticalo a xente, que hai xente que está pasando fame, y criticándolles que vostedes están gastando diñeiro en eso

O sr. Alcalde toma a palabra: Y usted por eso quere que o poña para que me critiquen, claro, claro, vostede é moi lista, a min gústanme moito ademais.

A sra. González toma a palabra: A min personalmente non, e que vostede ten un gusto. A min personalmente dáme igual que os poña, personalmente. Agora ven, vostede non ten que pensar no seu gusto persoal, ten que pensar no ben común de todos os cidadáns do Concello de Barbadás, e vostede non pode, non é ético, nin moral, que vostede gaste miles de euros en poñer eso, cando hai xente que está pasando fame, ou cuando están unhas piscinas nas que os nenos e nenas deste Concello, e maiores van no verán, que están en malas condicións; ou ben cando hai unhos parques que son zonas de ocio común que están en malas condicións, cuando se están queixando de que non teñen diñeiro para brigadas de obras, e están gastando diñeiro donde non deben. Por que non se prevé as circunstancias de que os nenos e a xente maior disfrutan dos parques e se limpian e condicionan, antes de que chegue a primavera, e se lle cambia a area, e se lle da unha limpeza en serio, y en profundidade. A quen beneficia economicamente a colocación de fontes ornamentais, a que beneficiou economicamente a colocación de fontes ornamentais por todos os parques, esas fontes a día de hoxe son un peligro, as fontes que hai nos parques, eu xa sei que saliu antes pero é verdad, a alguien tuvo que beneficiar

O sr. Alcalde toma a palabra: Á cidadanía.

A sra. González toma a palabra: A cidadanía si, pregúntelle ás nais e ós pais que levan os nenos alí, ós parques.

O sr. Alcalde toma a palabra: A ustedes pareceralles antiestético, pero a nós gústanos, a min por exemplo gústame.

A sra. González toma a palabra: Pero non é cuestión de gustos, non estou valorando si os seus gustos son mellores cos meus, non é eso o que estamos falando, vale señor Alcalde, estamos falando de que esas fontes tamén costaron un diñeiro, de que non valen absolutamente para nada, e de que o



único que ocasionan son problemas, ¿por que?, mire, vostede non ten fillos pequenos xa, e xa non vai ó parque, pero cando sea abuelo e os teña que levar, bueno irá outro, pero si fora eiquí ós da Valenzá, e os leva ó parque, usted verá en multitud de ocasións como nenos pequeniños de dous, tres anos, van correndo a encaramarse nesas fontes, e como as abuelas teñen que ir correndo detrás deles para que non se suban ás fontes. Cuando a nenos máis grandes lle cae o balón dentro da fonte, como se meten dentro da fonte para sacar o balón.

O sr. Alcalde toma a palabra: En tódolos parques das cidades hai fontes e non pasa nada

A sra. González toma a palabra: Hai fontes valeiras e sen contido ningún, e de pedra donde levan croques, etc, etc....., bueno que non lle pase unha desgracia nunca e punto

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero non é verdade que non hai en tódolos parques fontes

A sra. González toma a palabra: Que non lle pase nada. Despois teñen fontes destas dispensadoras de auga, que ve, que esas si que están ben, porque os nenos están correndo, sudan, van coller alí auga, vale, evita un gasto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Si teñen auga, igual se afogan, e se non a ten lastímanse

A sra. González toma a palabra: Pero escóiteme, non me está oíndo, fontes das de beber, eu diferencio entre fontes ornamentais que están no medio do parque.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pero tamén as hai de beber, tamén as hai, aí tamén as teñen as de beber, ou usted solo veu unhas, as de beber tamén as hai

A sra. González toma a palabra: Eu din clases en educación e érame máis fácil, eso lle estou decindo eu, as fontes de beber, que as hai, e que son boas, e que moi ben que as haxa, o pitorriño que teñen para calcar moitos están estropeados, entonces a ver, Bahamonde e máis sitios. Eso é mentira, porque avisamos eiquí no Pleno e tardan meses e meses despois do Pleno, y a nós xa nos avisaron previamente, ou o vimos, co cual non é verdade que en cuanto se sabe se arranxa, eso é mentira. Entonces eu simplemente lle estou dando unha, a ver, na moción o que pretendemos, é primeiro que se revisen todos os parques que hai no Concello, e que se faga un arranxo en profundidade de todos. Realizar unha revisión xeral de todos os parques do Concello para planificar a súa mellora xeral e acondicionamento, léase areas, o parque da Solaina está cheo de merda, falando en prata, ten cabichas, ten plásticos, ten de todo, esa area hai que limpala, é un foco de infeccións clarísimos, areas, columpios, as fontes, as fontes de beber, e despois limpeza dos parques, acondicionamento da herba, enchido das fontes ornamentais, ou retirada, arranxo das fontes, e todo aquilo que precise, arranxo das fontes de beber, e todo aquilo que precise o acondicionamento de parques e xardíns. Eu creo que esto



non suporía tanto, habendo unha brigada municipal.

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver, isto é asumible, vámoslla a aprobar, porque é que é asumible, non ten ningunha ciencia, xa os estamos facendo, eso non lles vamos a decir que non, porque é verdade.

A sra. González toma a palabra: Non se está facendo

O sr. Alcalde toma a palabra: Na medida do posible si, nós vámoslle a aprobar a moción

A sra. González toma a palabra: Canto tempo hai que non se cambiou a area nos parques

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai moito

A sra. González toma a palabra: En todos, en cales, bueno pero non estou falando do, do colexio, no do colexio suponse.

O sr. Alcalde toma a palabra: E no dos patos tamén. Vamos a ver nós vámoslle a votar a moción, porque eso é coherente o planteamento que fai usted dos acordos, non na exposición, pero nos acordos non hai ningún problema.

A sra. González toma a palabra: No na exposición tamén, o que pasa é que usted non me entendeu ben. Vamos a ver quere que llo repita

O sr. Alcalde toma a palabra: Deixemos así a cousa, non vamos a entrar en, que máis dá, o que vamos a votar son acordos. Ten a palabra do voceiro socialista, ou a voceira.

A sra. Morenza toma a palabra: Ó Grupo Socialista gustaríalle que o señor Alcalde fora serio neste asunto, neste asunto que vamos a falar, agora si, agora apúntase á moción do BNG, e dice ai si, ai vámolos a facer todo, señor Alcalde tómanos o pelo, bueno. Máis ca un desexo, isto que lle decimos, de que sea serio señor Alcalde, máis que un desexo é unha esixencia que lle facemos na nosa labor de responsables de representantes públicos, eiquí non vimos a soltar ningún rolo, eiquí vimos facer o noso traballo de oposición, e ímolos seguir facendo, inda que non lle guste o que lle decimos, fale claro señor Freire, e diga por que non se levan a cabo, como dicen na moción do BNG, as tarefas de limpeza e mantemento de parques e xardíns, por que non se levan a cabo. O medio rural é o principal perxudicado, e os que aquí vivimos xa estamos acostumados a que nos coman as herbas, cómenos as herbas señor Alcalde, ou mesmo ser, nós mesmos, nós mesmos os as que temos que arrincar, porque agardar á brigada municipal é un soño que tarda demasiado en facerse realidade, e vivímolos os que vivimos no rural. ¿Fan vostedes algún tipo de previsión, de planificación?, ¿son conscientes de que é tercermundista a imaxe que damos?. As fotografías que Valcárcel anexou á moción de Sobrado, son un claro exemplo da desidia, ou quizais de unha cuestión de prioridades. Vostedes mesmos recoñecen



que poñen máis ahínco na Valenzá que nos pobos, dixérono na Comisión Informativa, poñen máis ahínco na Valenzá, pero señor Alcalde non queremos que siga existindo a diferenciación que houbo sempre entre cidadáns de primeira e cidadáns de segunda. Vai pór enriba da mesa un compromiso de rematar con esta repetición ano tras ano, de viais esbarrancados, de asfaltos levantados, de zonas verdes con herba de dous metros e a maior parte do ano, e os parques infantís semiabandonados, vai terminar con esta situación, porque é moi fácil vir eiquí, levantar a man, aí si votámoslle a moción do BNG ou do PSdeG, mira que ben que moción, é asumible, é señor Alcalde por favor. Pleno tras Pleno, dende oposición plantexámoslle eses, que para vostedes son pequenos detalles, vostede di o mesmo, vostede di que son pequenos detalles, pero que para nós son cuestións ineludibles, por necesarias. Ten que rematar dunha vez por todas esta imaxe de áreas recreativas con banquetas rotas, parques infantís onde non se pode acceder ós elementos de xogo debido á maleza. De bancos en mal estado, ou no parque Bahamonde na parte de abaixo non hai ningunha papelera, para que as mamás ou os nenos boten o lixo. A fonte do Oren express non sabemos para que está, de elemento estético, porque fonte non é, o único que é, é un perigo para os nenos, e que decir do parque da gardería, totalmente abandonado, teremos que poñerlle nesos lugares o famoso carteliño que lle puxeron hai tempo, pero que cundiu efecto, “ata cando señor Alcalde”, ata cando.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, pois o dito nós vamos a votar a favor da moción do BNG y nada máis.

A sra. González toma a palabra: Bueno pois aproveitando que votar a favor volve a pedir unha cousiña máis, nos parques normalmente, pois debería de haber cartelería co servizo de urxencia, o servizo público máis cercano, o do centro de saúde, e incluso ca parada do autobús, ou co número de taxi, ou algo por si pasa algo, e hai que avisar a alguen rápido, debería de haber en todos os parques esa información.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu non vin en ningún parque, en cada parque estén todos os servizos

A sra. González toma a palabra: Eu si, moitos, por Lei non é obrigatorio é recomendable.

O sr. Alcalde toma a palabra: Hoxe todo o mundo sabemos que si hai un problema, chámase o 061, e resólvese o problema.

A sra. González toma a palabra: Debería haber ese cartel. Hai moitos parques con esto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eso supón diñeiro, todo eso, pero nós tomamos nota y se pondrán nos que se vexan máis concurridos. Bueno pois asumindo eso non hai ningún problema, na medida do posible



Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“ **Moción do BNG sobre o estado dos parques, xardíns e elementos de mobiliario urbano;**

- **Realizar unha revisión xeral de todos os parques do concello para planificar a súa mellora xeral e acondicionamento.**

- **Limpeza dos parques, acondicionamento da herba, enchido das fontes ornamentais, arranxo das fontes, e todo aquilo que precise o acondicionamento de parques e xardíns.”**

PARTE DE CONTROL

9- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: A dación de contas e dar conta simplemente

10- ROGOS E PREGUNTAS.

A sra. González toma a palabra: Na zona do Froiz e na Avda. De Celanova, na altura da ponte da autovía, donde están os chinos, distintas personas viron ratas, dicen que de un tamaño considerable, eu non as vin, e espero non velas, non me gustaría velas, dicen que dun tamaño considerable, e comentáronme que hai uns anos, que vostedes, que desde o Concello se fixera como un

O sr. Alcalde toma a palabra: Campaña de desratización

A sra. González toma a palabra: Pois deberíase volver facer, porque parece ser que son grandes e teñen nido. Bueno que o saibades, e que está tamén nunha zona donde hai un ximnasio donde van moitos nenos, hai un parque, están os campamentos na parte de arriba, é decir, que aí hai un foco de infección importantísimo y a min paréceme un problema de saúde mui grave .

Outra cousa, hai uns meses o Concello comprometeuse por unanimidade a garantir a todos os nenos e nenas unha comida completa ó día, e polo informe que lín, bueno entenden que está cuberto porque que se puxeron en contacto cos centros educativos, a través do comedor do colexio de luns a venres, ben. Plantexáronse algunha medida para a época estival, vai haber dous meses de vacacións, e para os nenos máis, para os nenos máis de dous meses, e non funciona o comedor do colexio en principio porque se pecha, e os fines de semana, nin nas outras vacacións houbo nada desde o Concello, é decir, o garantir unha comida non é garantir solo en época escolar, é garantir tamén en época estival, en



época vacacional. Pero as comidas están garantidas, as comidas dos nenos e nenas están garantidas nos centros escolares, mentras abre o comedor, e despois e na época estival

O sr. Alcalde toma a palabra: Se houbera algunha dificultad,

A sra. González toma a palabra: A día de hoxe según vostedes non hai ningunha

O sr. Alcalde toma a palabra: Non hai, de momento non temos constancia, se ha houbera, o que se me ocorre a min agora para o vrao, que non hai colexio, se houbera unha necesidade grave, podíase dar co da comida a domicilio, como se lle leva ás persoas maiores, en vez de ser vinte ou trinta pois regírase con ese problema, non hai donde darlle fisicamente.

Rogos presentados por escrito polo sr. Valcárcel:

- Na parroquia de Barbadás, en concreto no Camiño dos Fornos en dirección cara a Igrexa Parroquial a zona máis estreita do citado vial atópase moi deteriorada e cun importante perigo de derrubamento. Ademais de non estar sinalado o estreitamento do camiño, hai dúas vallas que pechan esta rúa e os vecinos tiveron que colocar un pao para sinalizado.

Dende o Grupo Socialista reclamamos solución a este problema no Camiño dos Fornos

- A situación na que se atopa o alcantarillado do vial que vai desde o motel Cancún ata o pobo dos Muíños presenta serias deficiencias xa que ben ou está roto ou coa presión expulsa residuos cara o exterior provocando fortes e desagradables cheiros.

O Grupo Socialista solicita que se actúa de xeito inmediato para solventar esta incómoda situación para toda a veciñanza do entorno.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Entre os rogos que presentei de Barbadás, que solución hai para eles, está resolto, non está resolto, o esbarroncamento que hai no camiño dos fornos, está tal, o alcantarillado está subsanado, os cheiros.

O sr. Alcalde toma a palabra: O alcantarillado esa é cuestión que temos que notificarlo á empresa

O sr. Valcárcel toma a palabra: Pero eu xa llo notifiquei a vostedes hai dous meses

O sr. Alcalde toma a palabra: Xa está notificado. E con relación ó camiño dos Fornos

O sr. Valcárcel toma a palabra: Claro pero vostedes terán que xestionar para que se solvente, eu presentei o rogo haberá, cando foi presentado presentado o rogo, Silvia por favor, están presentados o mesmo día. Doce de marzo hai un mes, marzo, abril, maio, hai un mes e medio, estame decindo que aínda está sen solventar

O sr. Alcalde toma a palabra: O que



O sr. Valcárcel toma a palabra: Estame dicindo esto, o que llo teñen que notificar á empresa

O sr. Alcalde toma a palabra: O da empresa está notificado incluso verbalmente

O sr. Valcárcel toma a palabra: E está solventado

O sr. Alcalde toma a palabra: Vamos a ver o da presa, ese problema que ten ese alcantarillado, é cuando hai tormenta, por exemplo eso pasa en Ourense, pasa en todos os lados, se veu unha tormenta fuerte, que colle demasiada auga, ou que incluso levanta a tapa y non hai alternativa, o único, xa llo dixen algunha vez, o único si al soldan, pero si non se levantan nos Fornos, vaise levantar, ou digo, senón se levanta nos Muíños vaise levantar en Barbadás, ou máis abaixo, pola presión que colle, pode ser algo un día puntual por ese motivo. Eso por un lado, por outro lado con relación ó dos Fornos, xa fixemos unha memoria, para intentar solucionar eses problema, pero temos que darlle margen.

O sr. Valcárcel toma a palabra: E a sinalización que está sinalizada con guizo, cunha bolsa de plástico, non cren que non é pouco axeitada, por chamarlle dalgún xeito.

O sr. Alcalde toma a palabra: A dos Fornos, ou do camiño que se está afundindo

O sr. Valcárcel toma a palabra: Estaba sinalizado cun pau, e unha banderola alí, non me parece o máis correcto. Bueno, non o iba mencionar, pero vouno mencionar, presentei un rogo en relación ó parque da Liberdade, hai bancos que están sin táboas, tablillas, desaparecieron bancos, retiráronse, e dado que vostede aprobou con toda a gracia a subsanación dos elementos que faltan no parque, pois a colación, cando se van a subsanar, ou aparecer de novo, ou a colocar de novo, os bancos que faltan no parque da Liberdade, cando se van colocar ás tablillas en cinco ou seis bancos que lle faltan, cando se van a substituír as tablillas que está carcomidas e corroídas, cando se vai a limpar a fonte que ten a metade da súa capacidade de limo e de auga sucia, cando dado que existe un compromiso por vostedes de aprobar esta moción do Bloque, contesten.

O sr. Alcalde toma a palabra: Cuando as circunstancias o que permitan, estase con eso

O sr. Valcárcel toma a palabra: Por que razón non se colocaron de novo os bancos que foron retirados

O sr. Alcalde toma a palabra: Estarán arreglando digo eu.

O sr. Valcárcel toma a palabra: Xa hai moitos meses señor Freire, que eu vivo ó lado, eu falo con coñecemento de causa. Claro hai moitos meses que se retiraron, non sei si foi o ano pasado, e alí siguen sin aparecer os bancos, é certo Miriam

O sr. Alcalde toma a palabra: Están na nave, que están para reparar

O sr. Valcárcel toma a palabra: Vostede asume compromisos que fan rechinar as súas actuacións



A sra. Morenza toma a palabra: Eu vou facer unha serie de rogos moi breves, que se faga un maior seguemento ós problemas de iluminación pública en moitos lugares do Concello, un exemplo foi a falta de iluminación máis de tres días, na rúa do Areal e no parque Bahamonde. Que se habilite un sinal de stop, na intersección do camiño da Pipileira coa travesía de Piñor, debido a que a incorporación neste punto pode ser perigosa e xa se teñen producido accidentes. Que se instale unha baranda na beirarrúa da rúa do Viso debido á perigosidade da pendente que quedou tralas obras de reforma da zona. Que se adopten medidas de limpeza e adecentamento na área recreativa do Barreiro en Bentraces debido ó aspecto de deixadez no que se atopa. Que cando se acometan os traballos de asfaltado do tramo da estrada que está previsto facer en Santa Uxía, se constrúa un sistema de recollida de augas pluviais nas marxes, o obxectivo da proposta é evitar que no futuro o firme se volva a levantar a consecuencia das augas que bordan polo lugar no inverno. E despois sobre un parque que hai na urbanización das Burgas, no areiro hai un tobogán que está moi alto do chan, o neno cae, poi pódese pegar unha leche bastante considerable, porque hai demasiada altura entre o areiro llo final do tobogán, e despois nese mesmo parque da urbanización das Burgas, hai unha fonte de beber, como dixemos antes, cuxa base ten ferruxe e está levantada, vamos que se pode manexar e levar para a casa.

O sr. Alcalde toma a palabra: Tomamos nota dos ruegos, e a Concelleira xa tratará de subsanalo

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 12:55 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO